N.º 126-27

Tomo 11



nós

BOLETÍN MENSUAL da CULTURA GALEGA

Direitor Literario
Vicente Risco

Direitor Artístico
Alfonso R. Castelao

Adeministrador
ANXEL CASAL

DIREICIÓN E REDAUCIÓN:
Sto. Domingo, 47—OURENSE

ADEMINISTRACIÓN:
SANTIAGO

ABONAMENTO

Doce númaros, na Peninsua	6'00 *pesetas.*
Fora da Peninsua	8'00 »
Númaro solto	0'70 »

NOTA

Este boletín non pubricará mais orixinás qu'os que foran direitamente solicitados pol-a Direición. Tampouco se fai solidario das ideas n-eles emitidos, a non ser dos que por non iren rubrados, enténdense que son da Redaución.

Os pagos son adiantados e os gastos de xiro de conta dos suscritores

SUMARIO

NATUREZA MORTA, por AUGUSTO MARÍA CASAS.
COMO NASCEU A CIDADE DE OURENSE, por FLORENTINO LÓPEZ CUEVILLAS.
UN INFORNE EN COL DE GALIZA DE XOSÉ ANDRÉS CORNIDE E SAAVEDRA, por PAULINO PEDRET CASADO.
AS DORNAS DO PORTO DO SÓN, por XAQUÍN LOURENZO FERNANDEZ.
MITTELEUROPA, por VICENTE RISCO.
OS HOMES, OS FEITOS, AS VERBAS.

IMPRENTA "NÓS"
Facturas - Estados - Libros - Revistas e toda crás de traballos tipográficos
Trasmitanos os seus encárregos
Rúa do Vilar, 15 SANTIAGO

Vicente Risco
Abogado
Santo Domingo, 47-2.° Ourense

nós

BOLETIN MENSUAL DA CULTURA GALEGA

Ano XVI ★ Ourense Xuño - Xullo de 1934 ★ Núm. 126 - 127

NATUREZA MORTA

Por Augusto María Casas

Rosa n'un vaso de cristal nascida,
xa morta de coor resucitada...
Isai a foula qu'ágoa verde esquece
nos ontes do teu riso maxinados.
Finxida mar para soerguer a melfa
de lús que en cada folla se desmaia:
a verba do meu cántico en dibuxo
a ronselar na néboa o teu arume.
Ollos, abellas, a túa imaxe zugan,
baixo a códea de ágoa debecida,
onde a tona da soma xa se borra
si simula o perfil máis desecado.
Sin azas e sin velas, pol-a orela
do vaso de cristal, se multiprica
a rosa que nasceu na túa surrisa.
sin coor e sin arume... e sin ser rosa!

COMO NASCEU A CIDADE DE OURENSE

Por Florentino Lopez Cuevillas.

No recanto do val do Miño onde se asenta a cidade de Ourense desembocan varias correntes fluviaes de relativa importancia, que determiñan pol-a sua concurrencia un cruce natural de vías de comunicación. Afluen alí, en precura do seu nivel de base, o curso da Loña, que baixa das terras altas do Pereiro de Aguiar; a Barbaña, que desce do penichán da Rabeda, e o riacho de Barbadás, tributario da Barbaña, que cruza, por unha cunca bastante ancha, os torreóns de viña de Sobrado e de Bentraces e mais por riba as searas de pan e as veigas de millo de Loiro e de Parderrubias.

Remontando calquera destas tres valgadas chégase â divisoria ca Arnoia, sinalada por alturas de cota modesta e que ofrece na maior parte do seu desenrolo pasos faceis e de doado aceso, e xa na beira esquerda daquel río érguense os debalos da Cabeza da Meda, da serra de San Mamede, da Penamá e dos montes de Bande, e máis pro leste e pro sul aparescen o país de Caldelas e as Limias alta e baixa, terras todas elas ricas e poboadas dende moi antigo, cuia comunicación cas ribeiras do Miño tiña que endereitarse obrigadamente pol os vales dos ríos que deixamos citados, véndose en efeito que ainda oxe son percorridos por camiños vellos que n-Ourense ou perto dil conxúganse cas vereas que se enroitan pol-as duas bandas do val miñoto.

Ignoramos a data en que os máis destes camiños foron costruidos. É posibele que algún eisistira xa nos tempos protohistóricos i-é tamén posibele que outros abriranse ou gobernaranse nos séculos do frorescimento dos grandes mosteiros galegos. Mais é en troques seguro i evidente que pol o menos un daqueles camiños, formaba parte da rede itineraria que a administración romana tendeu na nosa terra.

Saía esta verea, que ostentaba un caraiter trasversal e secundario, da mansión das *Aquis Querquernis*, terceira na vía militar de *Bracara* a *Asturica*, que se relaciona co número 18 no Itinerario de Antonino Pío. Desprendida apenas daquela mansión, situada moi perto dos Baños de Bande, cruzaba o río Cadós, avantaba logo por riba dos montes que afastan as cuncas da Limia e da Arnoia, descía por Celanova en precura do segundo daqueles ríos deica acadalo â altura de Barxa, rubía despois até coroar a divisoria, e pol-a marxe esquerda do riacho de Barbadás, chegaba ao val de Ourense onde pasaba o Miño, e endereitábase deseguida por Cudeiro e Gustei en direición norte e buscando ao parescer a cidade de Lugo.

Xustifican e confirman o percorrido que vimos de indicar vestixios toponímicos e restos arqueolóxicos importantes e elucidadores. O trecho dos montes de Bande por onde cruzaba o camiño leva o nome do Vieiro e ao pe dil sitúase unha fregresia que ostenta a siñificativa denomiñanza de Verea (1). En San Lourenzo de Cañón, por riba mesmo de Celanova, aparesceu unha pedra miliaria de Constancio II (2), e algo mais adiante, en Barxiña, â beira da Arnoia, alcontrouse un segundo miliario do reinado de Caracalla (3). O paso da vía pol-a valgada do regueiro de Barbadás confírmase pol-o

(1) Diez Sanjurjo. *Los Caminos antiguos y el Itinerario número 18 de Antonino en la provincia de Orense.* Boletín de la C. de M. H. y A. de Orense, vol. II, núm. 43, páx. 740.

(2) C. I. L., II, 4852.

(3) C. I. L., II, 4876 e 6235.

aparescimento de tegulas e moedas romanas que alí se asoellaron, e pol-os vestixios dunha *villa* desenterrados nas veciñanzas da aldea de Loiro (1). E por último a continuación da verea pol-a outra banda do Miño, determíñase por unha terceira pedra miliaria que eisiste en Gustei, e que presenta as letras da inscripción tan esmorecidas que fan imposibele a sua leitura compreta.

Temos pol-o tanto que o sesego da que había ser, pasados os anos, cidade de Ourense era atravesado por unha vía romana cuia construción databa pol o menos dos tempos de Caracalla, e â que, por imperativo topográfico, habían afluiren os antigos sendeiros de tipo sinxelo e rústico e algunha outra vía aberta pol-o esforzo dos soldados do Imperio.

A presencia dunha destas vías, que pol-a marxe esquerda do Miño dirixíase cara ao val da Avia, dedúcese dunha serie de achadegos feitos asegún o correr da estrada que vai oxe pra Ribadavia e San Clodio. A cinco kilómetros de Ourense, entre Reza e Freixendo, atopouse unha ara erixida por un tal Fabio Saturnino en honor de Diana (2). En Alongos rexistouse outro novo epígrafe adicado âs Ninfas (3), e mais adiante, en Troncoso e Astariz, descobríronse abondosas tégulas e ladrillos e diversos restos de época romana (4), sendo ben advertir que o caraiter case escrusivamente itinerario que revisten en Galicia os fenómenos de romanización e de maneira principal os que se refiren ao localismo dos monumentos epigráficos, abulta a importancia siñificativa dos feitos que enumeramos.

Coincidían pol-o tanto naquel lugar do val miñoto tres circunstancias favorabeis pro nacimento dun casar e pro seu ulterior medro e desenrolo. Había alí o paso dunha estrada imperial de certa importancia, había un empalme de camiños e había por cabo o cruce dun río tan considerabele como é o Miño.

É sabido que o paso dun río, ben sexa por unha ponte, por unha barca ou por un vao, ten sido causa do nascimento de infindos núcreos urbáns, grandes e pequenos, moitos dos cuaes indican co seu mesmo nome a natureza do episodio itinerario que lles deu vida. E asín Pontevedra, Ponteareas e Pontesdeume procraman que os seus primitivos casares xurdiron ao pe das suas pontes respeitivas. O Barco de Valdeorras amostra que iniciou o seu eisistir a beira dun antigo pasaxe sobre a corrente do Sil e Toral de los Vados dinos que comenzou a desenrolarse ao amparo dun vao do mesmo río.

Todo parescía pol-o tanto conspirar pra que a cidade de Ourense agrupara o seu núcreo primixenio no lugar en que a vía secundaria que denantes describimos, atravesaba as augas do Miño. E iste lugar non podía ser outro que o que oxe ocupa a famosa Ponte Vella, tan xustamente gabada pol-a beleza e atrevimento dos seus arcos maxestuosos.

Calquer camiño que desemboque na depresión da Barbaña vindo en direición do riacho de Barbadás, e que queíra despois seguir cara a Lugo, ten necesariamente que percorrer un tramo de dous kilómetros achegado ao cauce da primeira daquelas correntes e que chegar coela até o sitio en que desauga no Miño. I-é en efeito a poucos metros da foz da Barbaña onde se ergue a famosa ponte de que vimos de falar.

Eisiste unha tradición do pobo propagada â literatura, que afirma que esta ponte foi edificada pol-os romanos. Comprendemos que o aspeito aitual da fábrica, que amostra apesares das engadegas e reforzos posteriores, ser na sua maior parte feitura dos séculos XIV e XV, non abona semellante crenza, mais é posibele que a tradición popular descanse neste caso na lembranza dunha antiga costrución de época imperial, sobre cuios fundamentos ergueuse a que nos nosos días contempramos.

Presta verosimiltude a este suposto, en primeiro lugar, a presencia da vía secundaria que dende as *Aquis Querquernis* marchaba ao parescer cara Lugo, e cuio paso

---

(4) *Catálogo dos Castros Galegos,* Fasc. II. *Terra de Celanova,* páx. 24.

(5) Vázquez Núñez. *Epigrafia latina de la provincia de Orense.* Boletín de la C. de M. H. y A. de Orense, vol. I, número 2, páx. 31.

(6) C. I. L., II, 5625.

(7) B. de la C. de M. H. y A. de Orense. *Noticias,* vol. I. núm. 8.

dunha banda a outra do Miño queda testemuñado pol-o miliario de Gustei. E tendo agora en conta a falla de vaos, o caudal do río, a velocidade da corrente e a frecuencia relativa de cheas considerabeis, é de crer que aquel paso se salvara por meio dunha ponte e non por un pasaxe en barcos, que habería de resultar inseguro e pouco eficaz pra cobrir as eisexencias militares do camiño e as necesidades do trafego.

Mais hai ainda outra circustancia que dá a aquel suposto caraiteres de absoluta evidencia. No primeiro pilar da Ponte Vella, contando conforme se sai de Ourense, óllanse na porción inmediata aos cimentos e deica unha altura de tres ou catro metros, varias fiadas de sillares que forman unha canteiría en seudoisodomo, distinta por compreto da que se mira nos restantes paramentos da obra e que coidamos de típico feitío romano, observándose tamén nas caras anterior e posterior do devandito pilar os arranques duns arcos mais baixos que os aituaes e que de seguro foron cortados no tempo en que se deu â ponte maior altura e ampritude da que denantes tiña.

Cremos pol-o tanto que o mesmo o pobo, que os escritores que califican de romana a ponte de Ourense non profiren unha herexía nin se trabucan no fundamental, e cremos asimismo que no día de oxe e apesares dos numerosos arranxos que aquela fábrica ten sofrido, pódese ainda dexergar nalgunha das suas partes a impronta do xenio arquiteitónico latino que faltoso quizais doutras virtudes soupo siquera erguer obras sólidas e fortes que ian ben co esprito utilitario, rexo e teimoso que informaba os aitos todos da administración do Imperio.

Temos pois que moi próisimo do sesego onde encetou o seu vivir a cidade de Ourense e nun local en que as altas terrazas do Miño ofrecían largo campo pra unha empresa urbanizadora, había unha ponte e perto dela un posibele cruce de camiños. Semella por conseguinte lóxico o pensar que o primeiro caseirío, o núcreo pristino da pobación xurdira, coma outros moitos, achegado a estes dous elementos itinerarios, proxenitores de tantas aldeas e de tantas vilas. Mais apesares deste conxunto de óptimas coincidencias, Ourense non nasceu ao pe da ponte, nin deu tino durante longos séculos â sua persistente chamada. E soio en tempos moi modernos, despois de abrírense a estrada de Castela e sobre todo despois de costruírense na banda oposta do río a estación do camiño de ferro, sentiu a necesidade de alongar as suas ruas cara a ponte e cara ao Miño.

Mais denantes non. Ourense que en definitiva debe a sua importancia, o seu crecimento e a sua prosperidade ao paso dunha verea sobre o Miño e ao encontro e cruce dos carreiros campesiños que baixaban pol-os vales afluentes, viviu virado de costas ao seu principal benefaitor, e ainda non hai moitos anos que entre il e a cidade abríase unha ampria perspeitiva de viñas e de hortas que somentes agora comenza a colmarse de casas.

E chegados a este punto compre que nos perguntemos que razón houbo pra que a cidade se iniciara nun sitio distinto a aquel en que debera térse iniciado, que forza foi a que a tivo afastada da ponte que lle daba vida. Non había eiquí como había en Lugo ou en Betanzos un outeiro cercado que convertindo o río en foso natural dun sistema defensivo, fixera impropias as suas marxes pra habitación das xentes. Nin na área que ocupa Ourense nin tampouco perto dela erguéronse nunca as murallas dun castro. Mais no fondo dunha corga que desce de Montalegre e a poucos metros xa da corrente da Barbaña, deitaba un manantial de auga quente. E abondou este manantial pra que un pequeno casar xurdira â sua beira.

Precísase así e todo esquecer calquer ideia que tenda a equiparar aquela célula urbán apenas esbozada cun estabrecimento balneario dos nosos días. Non eisistían entón, pol-o menos en Galicia, nin grandes termas luxosas, nin doctores sabidos en hidroloxía, nin hoteis cómodos, nin tempadas regradas de baños, e a mesma virtude salutar das augas apúñase non â sua mineralización, â sua temperatura ou â sua radio-actividade, senón sinxelamente ao xenio, esprito ou numen que se acochaba no cerne do nascente.

Mais entón como agora a door humán era

viaxeira e corría dun lado pra outro en precura de acougo e de gorescemento. E mentras noutras rexións do mundo antigo a moitedume dos acorados por un mal camiñaba en densos pelerinaxes cara os santuarios dos deuses salutares, e enchía os templos de Apolo, de Serapis e de Asklepios, os doentes da Galecia acodían âs fontes meiciñeiras do seu país, e xunta delas praiticaban non as prescripcións dun tratamento senón as ceremonias dun culto.

E dun culto que era anterior âs guerras cántabras, a viaxe marítima de César, o roteiro de Licinio Craso e a mesma espedición de Décimo Iunio Bruto. Porque xa denantes de que o primeiro lexionario pisara as terras do norte do Douro as fontes galecas tiñan os seus deuses propios, cuios nomes indíxenas restituenos por veces a epigrafía. Porque xa entón Bormanico era o numen das Caldas de Vizela (1), e Tongeonabiago o dun nascente de Braga (2) e Edovio o xenio dun manantial das Caldas de Reis (3).

A romanización, nun país como o noso que soio acadou unha ínfima latinidade, non podía expulsar por compreto a estes deuses indíxenas, que como vimos persistiron teimosos nalgùns lugares, mais que noutros asociáronse âs ninfas i en moitos foron sustituidos totalmente por elas.

O xenio autóctono que se acochaba nas Burgas de Ourense debeu sofrir unha sustitución deste xénero e por elo ignoramos a sua denomiñanza antiga, mais non ignoramos en cambeo a sua eisistencia patentizada por unha ara que aparesceu moi perto daquel manantial e que foi erixida en honor das ninfas por Calpurnia Abana Aeboso, muller que apesares do seu prenome latino amostra no nome e no cognome a sua castimonia galeca (4).

Sabemos pois dun xeito certo que as Burgas eran conecidas i estimadas pol-as suas virtudes curativas na época imperial, e tendo en conta a indudábele filiación indíxena que o culto dos nascentes de auga ostenta na nosa terra, é de crer que foran xa estimadas e conecidas denantes de que a Galecia céltiga sucumbira no Medulio.

E xa entón o fondo daquela corga da Barbaña onde gurgullaba unha fonte termal e vivía un numen, era decerto un lugar de pelerinaxe. Van pasados dende aqueles tempos moitos centos de anos, mais apesares delo e da trasformación das ideias e das costumes, as Burgas ainda conservan algo do seu vello prestixio relixioso. Ainda se di que a vea de auga quente, que alí xurde, pasa pol-os pes do Cristo que se venera na catedral auriense, e ainda os labregos en festas sinaladas, i-en especial na víspora e no día do Corpus, achéganse ao manantial fumegante e lavan nil as máns, a cabeza e a cara como se cumpriran un rito. E se lles perguntandes a razón de semellante aito, responderanvos sinxelamente que o fan porque aquelo é unha cousa boa.

Hai eiquí sen dúbida, unha desas lembranzas da mentalidade primitiva que tanto abondan no noso folklore e cuio rexo entorgamento na ialma do pobo ven ser afirmado pol-a sua multisecular sobrevivencia. E foi de seguro obedecendo a este mesmo estímulo, cultual ou máxico, oxe ainda presente, mais que daquela aituaba con toda a sua forza moza, como na época céltiga, ou quizais con anterioridade, emprenderonse e realizaronse as primeiras pelerinaxes âs Burgas.

No mesmo val de Ourense non eisiste outro habitat protohistórico que o chamado castelo de Oira, mais na meia montana que arrodea ao val as cividades céltigas prodíganse a fartura, contándose entre elas as do monte A Cidá e a de Morgade que son das máis importantes e dilatadas da Galicia. E os habitantes destes castros proisimos deberon seren os que con maior asiduidade viaxaron como romeiros en precura das Burgas.

I-entón coma oxe nun lugar de romaxe onde a xente aflue con certa intensidade as casas edificanse logo. Costruiese primeiro un pequeno parador pras persoas e un alboio pras bestas. Deseguida unha tendiña na que se sirve o xantar, despois o taller dun artífice e máis tarde quizais nasce un mercado. E seguindo un proceso deste xéne-

(1) C. I. L., II, 2402 e 2403.
(2) C. I. L., II, 2419 e 115 Add.
(3) C. I. L., II, 2543.
(4) C. I. L., II, 2527.

ro foi como ao pé das Burgas orgaizouse un casar, un *vicus* pol-o xeito daqueles das Galias de que nos fala Cesar, *vicus* cuia eisistencia parecenos indudabele anque debamos confesar que non posemos ningún dato seguro sobre a sua magnitude e desenvolvemento.

Mais pequeno ou medrado o embrión da cidade estaba xa en marcha e a conquista romana non fixo outra cousa que aitivar o seu desenrolo. Tivo pra Galecia aquela conquista unha importancia capital. Non porque os conquistadores a invadiran en masas fortes capaces de infruir nos caraiteres somáticos da raza indíxena, senón porque apesares de seren poucos os recen chegados, trocaron o réxime de vida, os costumes e o tipo de economía das xentes galecas. Unha lexión, que foi a que por cabo quedou garnecendo todo o noroeste hispánico, e algúns poucos funcionarios e mercaderes non podían pol-a sua soia presencia alteirar nada fundamental na fisonomía do país, mais podían cambealo todo se atrás diles, sostendos e dirixindos, quedaba un sistema político, unha administración enérxica e o poder formidabele do Imperio.

E foi este poder o que trasformou a nosa terra. Conta Estrabo, xeógrafo case contemporáneo das guerras cantabras, que os gobernadores imperiaes obrigaron aos galecos a deixaren a proteición das murallas dos outeiros fortificados en que vivían e a estabreceren os seus fogares nos sitios chairos e abertos (1).

Craro está que iste troque de residencia non se cumpríu dun golpe e rápidamente, senón co demorado vagar que a escavación dos castros nos amostra, e está craro tamén que a sua total realización veu imposta máis ben por unha mudanza compreta nos costumes e na economía, que pol-a propia virtude coaitiva da orde do César. Porque a administración romana ao cambear a Galecia de guerreira e pastoril en pacífica e agrícola, e ao convertiren os régulos indíxenas en donos de fundos e aos seus clientes e pegoreiros en acougados labregos, maquiou dende a sua base a armación orgánica do país. E as xentes foron abandoando as cividades fortes, inúteis pol-a seguridade e a paz reinantes; e os máis achegaronse as leiras recén desabregadas esparexéndose por pequenos casares cuia lembranza perdura oxe nas infindas *Vila*, *Vilar*, *Quinta e Quintela* que tan fartamente se prodigan na nosa toponímia. E outros emigraron pra Bética ou pras sedes do poder imperial como eran Tarraco, Bracara, Lucus e Astúrica, e moitos foron fixarense nos *vici* de berce autóctono que encetaran o seu vivir xa denantes da conquista.

E conven observar agora pra xustificarmos a eisistencia do *vicus* que atrás supuxemos iniciado darredor das Burgas, que nas Táboas de Claudio Tolomeu, redaitadas no século II da nosa Era, aparescen citadas como cidades galecas de certa importancia, as *Aquae Calidae* dos Cilinos, as *Aquae Quintinae* dos Seburros, as *Aquae Laeae* dos Turodoros e as *Aquae Cuacernorum* dos Cuacernos, compretándose esta lista cas *Aquis Originis* dos Galeques e cas *Ad Aquas* dos Tamaganos, que se enumeran como mansións de vías principaes, no Itinerario de Antonino Pío, véndose o mesmo pol-os nomes que pol-a identificación dos lugares que ocupaban, que todas estas cidades orixináronse e medraron â beira de fontes meiciñeiras. E conven notar, como dato coincidente que en varias localidades do noroeste hispánico, posuidoras de estacións de augas e que non se atopan rexistadas en ningún xeografo antigo, como son por eisempro Cuntis, As Caldas de Vizela, Caldelas de Braga, os Baños de Molgas e o mesmo Ourense. téñense descoberto lápidas de época romana e outros restos coetáneos indicadores de que xunto aos nascentes medicinaes había daquela nucreos urbáns máis ou menos desenvoltos.

A formación destes nucreos urbáns ao pé dos manantiaes con virtudes curativas é pol o tanto un fenómeno que se presenta na terra galeca cunha forza e cun caraiter tal de xeralidade que obriga a precurarlle unha raíz indíxena e a escruir todo infruxo decisivo do pobo conquistador. E ainda este pensamento vigorízase máis se consideramos que o Imperio non estabreceu na Galecia co-

(1) III, 2, 5.

lonias considerabeis e que o esprito latino limitouse a circular pol-as vías sen incorporarse nunca íntimamente ca vida do país.

Mais se a romanización non criou estes embrións de cidades contribuíu pol-o menos a acrecentalos levando a eles âs xentes que se viron obrigadas a abandonaren os castros e a acollerense nas *villae* recen estabrecidas ou nos *vici* xa formados. E cada un dos casares nados â beira dun manantial salutar seguíu o seu destino. Algúns como *Aquae Calidae* e *Ad Aquas* chegaron a seren cabezas de bispados na época bárbara e debeceron máis tarde. Outros como *Aquae Cuacernorum*, após de conecer días de relativo esprendor, mingoaron até convertírense en lugarciños homildes. Moitos non rebasaron nunca a categoría de aldeas, e soio un, soio o *vicus* que arrodeaba as Burgas foi medrando case sen interrupción deica acadar o seu aitual e firme prestixio.

I-é que xunto do berce deste *vicus* congregaronse as fadas madriñas pra protexelo e axudalo, Axudouno en primeiro término a sua situación xeográfica nun cruce natural de varios camiños, axudouno a proisimidade dun grande río e a anchura que alí presenta o val e axudouno, de maneira definitiva a costrución da vía secundaria que atrás describimos e o seu paso pol-a ponte tendida encol do Miño.

Porque nos tempos de Roma como nos tempos de agora, ao abrirense unha estrada púñase en marcha un forte axente urbanizador que facía xurdir caseiríos, que dinamizaba os eisistentes e que incruso variaba âs veces, pol-a podeirosa atraición do camiño recen aberto, as direitrices do seu desenvolvemento. Mais no caso que nos ocupa a vía secundaria, por imposición topográfica, tivo que cruzar obrigadamente pol-a mesma beira da célula urbán xa criada, e as casas non se afastaron moito das fontes termaes que lle servían de centro.

Non conta Ourense con restos numerosos de época romana, e ainda algúns deles como a lápida adicada a *Telluri* por C. Sulpicio Flavvo (1) e un lote de moedas de bronce que está no Museu Provincial (1) foron pubricados sen as precisións de xacimento indispensabeis pro noso obxeto. Mais os outros achádegos daquela época o mesmo que algún vestixio toponímico que miragrosamente non pereceu asolagado na arbitraria rotulación das ruas, localízanse todos nun radio de douscentos metros darredor das Burgas.

E compre agora que en apoio da nosa afirmación enumeremos os achádegos e vestixios de referencia, que veñen seren os seguintes:

A ara erixida en honor das Ninfas por Calpurnia Abana Aeboso, e da que denantes falamos. Aparesceu no ano de 1802 na horta da chamada Casa da Tenencia, con ocasión de edificar alí Gabriel Gómez unha fábrica de encurtidos que ainda oxe se mira en pé anque destiñada a uso distinto d'aquel pra que foi costruida.

O achadego que menciona Martínez Sueiro (2) «de ladrillos y otros productos de la industria romana, recogidos hace pocos años en las inmediaciones del Posío y la margen derecha del Barbaña» (3).

Unha pedra de muiño romano de man atopada nas imediacións da eirexa da Trinidade, que ingresou no ano de 1905 no Museu Provincial como donativo de D. Xosé Lorenzo Xil (4).

O descobrimento no ano de 1928, no sochán da rúa de Cervantes dunha cloaca de dous metros de altura e provida dunha escelente bouta de meio cañón, de indudabele feitío romano (5).

O aparescimento dun bronce de Tiberio no interior dunha parede da casa que na Barreira posee D. Severo Fernández. A parede, que foi derrubada hai poucos meses, estaba xa refeita cando nós a vimos, mais paresce ser que a obra antiga en que se fixo o achádego, era de cachote pequeno asentado en seco.

E temos por cabo o dato toponímico da

(1) C. I. L., II, 2526.

(1) *Catálogo del Museo provincial.* Boletín de la C. de M. H. y A de Orense vol., I, núm. 1, páx., 14.

(2) *Los fueros municipales de Orense,* páxina, 1. Orense, 1912.

(3) Algunhas tegulas e ladrillos están oxe no Museu Provincial de Orense.

(4) Boletín de la C. de M. H. y A. de Orense, vol., II, número 44, páx., 360, 1905.

(5) Debemos a noticia deste descobrimento ô culto arquiteito municipal D. Manuel Conde Fidalgo.

rúa do Vilar, que comenentemente castelanizada rotúlase oxe *calle del Villar*, a que como a sua homonima de Santiago lembra de seguro un grupo de casas que alí se erguía e que formaba parte dunha *villa*.

Ora, que é o que nos revelan estos vestixios arqueolóxicos e toponímicos?. Chama en primeiro término a atención a ausencia compreta de calquer elemento costrutivo ou de calquer enfeite arquiteitónico que indique suntuosidade ou pol-o menos un inicio de refinamento. Non hai eiquí, nin unha basa de coluna, nin un capitel, nin un mármore, nin un mosaico, e ainda os mesmos monumentos epigráficos son escasos e pobres e aparescen executados na pedra de gra do país. Neste aspeito da calidade dos restos de época romana, Ourense queda moi por baixo dos Baños de Bande, vello asento das Augas Querquernas e do lugarciño da Cigarrosa onde froresceu outrora o Foro dos Cigurros, tribu epónima da terra de Valdeorras.

Todo fai supor en secuencia, que o casar que se estendía darredor das Burgas ostentaba unha facies sinxela e rústica, e que a sua vida nutríase escrusivamente destes tres elementos: do cultivo dalgúns eidos circundantes, da afluencia de xentes que acodían atraguidas pol-a sona miragreira das fontes termaes e do pequeno comercio que habería de realizarse con labregos e romeiros, e dende a costrución da vía secundaria, cos que por ela viaxaran e trafegaran.

Ourense, denantes de que o desenrolo dos servicios públicos e a facilidade e rapideza das comunicacións, o convertiran nun niño de burócratas e de mercaderes, tivo sempre unha caraiterística predomiñante de tipo labrego, que se percibe sen esforzo con soio follear as páxinas da sua historia. Nada ten pois de estrano o alcontrarmos estabrecido no interior da célula urbán primitiva algo tan campesiño como é un *vilar*. Porque unha entidade deste xénero costituía unha parte, unha porción dunha *villa*, e as *villae* romanas, das que se derivaron as nosas parroquias ruraes, non eran na Galicia outra cousa que esprotacións agrícolas propiedade dun *dominus* que pagaba o *tributum* e ao que estaban suxeitos os servos i en certo modo os mesmos colonos libres.

Os homes que habitaban no vilar de Ourense precurarían sen dúbida as leiras máis achegadas âs suas casas. As hortas da Barbaña, que ainda subsisten parcialmente, e unha zona estensa da área agora urbanizada, foron de certo traballadas entón por aqueles labregos remotos, que quizais utilizaron tamén, non como terras de labor senón como lameiro pros seus gados, o que oxe é xardín do Posío, autorizando este suposto a circustancia de que o vocábulo *posio* ten no dialeito castelán de Salamanca, e debeu ter no galego antigo, unha siñificanza equivalente a prado ou campo destiñado a pastos (1).

E o embrión da cidade habería de compretarse cas termas e cos paradores, tendas e pequenos talleres xurdidos â sua beira, sendo ben advertir, que como xa indicamos, non eisiste dato algún que faga coidar que aquelas termas, se parecesen no máis mínimo aos maravillosos edificios adicados a tal uso que se costruiron en Roma e noutros lugares do Imperio, e que todol-os seus arranxos e adubios limitábanse seguramente aos que pode ostentar un deses dilatados recipentes de pedra, que se conservan nos Baños de Bande, en Cuntis e en moitos balnearios galegos, especie de grandes tanques ou piscinas, nos que os doidos por un mal, mergullábanse e mergullanse por grupos pra agardaren alí, como agardan os bañistas ricos na sua pía de mármore, a que a fé cumprá o seu miragre.

Mais apesares da sua rusticidade Ourense acadou na época romana unha estensión relativamente desenvolta. Aténdonos soio â localizaciön dos achádegos daquela época, alcontrámonos conque o vilar, as termas e os edificios adidos a amas entidades, ocupaban un perímetro determiñado por unha liña que pasaba pol-a Barbaña, o Posío, a rua de Cervantes e a Barreira, e parecendo ainda deducirse do tamaño da cloaca descoberta na devandita rua de Cervantes, que o caseirío estendíase algo pol o leste e sul, ocu-

(1) P. César Morán. *Excavaciones arqueológicas en el Cerro del Berrueco.* Memoria núm. 65 de la Junta S. de E. y A. páx., 1

pando en grande parte o que no día conecese por bairro de Portugal.

Amostra tamén este desenvolvemento o feito de que cando nos meiados do século VI, en pleo periodo Bárbaro, comenza Ourense a soar nas fontes literarias, a través das referencias, algo escuras, de Gregorio de Tours e das aitas do primeiro concilio de Lugo e do segundo de Braga, era xa a cidade de residencia dun rei que se chamaba Carriarico e dun bispo que se chamaba Witimer. E a dignidade dun rei e dun bispo, en tempos tan pouco urbanizadores e costrutivos como eran os tempos bárbaros, non podían asentarse nun lugarciño de cativas proporcións ou nunha homilde aldea, tiñan pol-o contrario que estabrecerense nun poboado de certa importancia, que tivese a sua historia, o seu intrés militar e o seu prestixio como centro de comunicacións e de comercio.

Foi Carriarico o que por riba do casar romano, costruíu unha eirexa adicada a San Martiño no sitio que ocupa na aitualidade a de Santa María a Madre, en cuio frontis campan ainda capiteis de mármore típicamente pre-románicos. E ao amparo d'aquela eirexa de San Martiño comenzou a cidade a gabear pol-a vertente da Barbaña, formándose asín un arrabaldo suévico, cuio desenrolo non pode colexirse de ningún dato. Mais tarde, ao erguerse a nova catedral e os bairros que a circundan, criouse outro núcreo que podemos denomiñar románico, que lanzou as suas ruas cara o norte e sobre todo cara o leste, por onde rubíu a recosta de Montalegre, deica coroarse ca fábrica oxival de San Francisco. E por último a fundación de Santo Domingo e a edificación das casas fidalgas que lle daban frente, marcan o segundo avance cara o norte, que pol-o estilo que nil predomiña é lexitimo chamar barroco, debéndose notar que este avance dunha rua en direición ao Miño non supón ningún intento de avencellamento ca ponte, que neste intre como nos intres anteriores, quedaba desviada das liñas de medra da cidade.

E apesares delo, a ponte, a vía que por ela cruzaba e os carreiros que eiquí se conxugaban ca vía, houberan abondado pra faceren nascer a Ourense. Soio que o houberan feito nascer â beira da estrada e perto do seu paso encol do río. Mais as Burgas souperan atraguer a sí, denantes de que se costruiran a vía e a ponte, as primeiras manifestacións urbáns, e por elo na criación da cidade interviron un faitor femenino, a fonte termal que determiñou o lugar do seu nascimento, e un faitor masculino costituido pol-a situación xeográfica, o camiño e a ponte, que fecundou a célula primixenia, que por sí soia non chegaría acadar nunca arxila vital.

E por eso mesmo poderíanse tidoar as presentes páxinas. «Ensaio biolóxico sobre o Ourense primitivo».

Ourense, no día da Ascensión do 1934.

UN INFORME EN COL DE GALIZA DE XOSÉ ANDRÉS CORNIDE E SAAVEDRA

Por Paulino Pedret Casado

O terse cumplido este ano o bicentenario do nacemento deste esgrevio galego, convidounos a estudar a preciosa coleizón de manuscritos dél que se conservan na Academia da Historia de Madrid. Hoxe pubricamos un informe con que respondéu á pregunta que Godoy lle fixera sobre a educazón da xuventude en Galiza e que é unha lumiosa descrizón do estado cultural da Nosa Terra ao rematar o século XVIII.

BIOGRAFÍA DE CORNIDE

Xosé Andrés Cornide e Saavedra, fillo de D. Diego Cornide e Saavedra que foi o primeiro Decano do Colexio de Abogados da Cruña, e de Dona Francisca Xeroma Folgueira, nacéu na Cruña o 25 de Abril de 1734, asegún consta na partida de bateo da parroquia de Santa María do Campo, Colexiata daquela cidade, estendida o 26 do mesmo mes. O 2 de Maio de 1755 presentóu á Academia da Historia, --fundada en 1738--, unha disertazón encol do lugar da antiga Lémica, patria do cronista Idacio, que él asinalóu en San Lourenzo de Noceda, hoxe concello de Sarreaus, partido de Xinzo de Limia. Este traballo valeulle ser elexido individuo honorario da devandita Corporazón, en cuio ingreso fora precedido por outro estudioso galego: o preste Riobóo Seixas, académico honorario dendes 1748.

Dendes 1762 a 1765 relacionóuse Cornide có insine P. Flórez a quen lle mandóu varias inscrizóns, o diseño da torre de Hércules e os mapas das dióceses de Ourense e Mondoñedo, grabados por López, peritísimo cartógrafo madrileño, en 1763 e 1764, e pubricados respeitivamente nos tomos XVII e XVIII da «España Sagrada». – En 1763 Cornide foi nomeado Rexidor bienal da cidade nativa. En 1764 Capitán dunha compañía da milicia urbana do mesmo pobo. En 1765 foi un dos fundadores da Academia de Agricultura de Galiza na Cruña, Academia que finou en 1774 e na que tivo Cornide o cárrego de Segredario en 1770. En 1766 foi nomeado Rexidor perpetuo de Santiago e concurréu en representazón desta provincia á Xunta do Reino celebrada na Cruña en 1769 e a outra en 1781, e como tal Rexidor interveu na cuestión xurdida entre o Concello Santiago e o Cabido Metropolitán co gallo da entrada solene do Arcebispo Don Francisco Alexandre Bocanegra en 1773. No 1772 viaxóu por Portugal. No 1774 pubricou a sua «Memoria sobre la pesca de la sardina en las costas de Galicia». En 1775 foi nomeado por Carlos III un dos direitores de Montepio de pescadores para Galiza. En 1777 elexido individuo de mérito da Real Sociedade vascongada, que fora fundada en Vergara en 1775. En 1784 foi un dos que crearon a Sociedade Económica de Santiago. En 1785 socio fundador da de Lugo, e Consiliario do Consulado da Cruña, instituido daquela. En 1788 emprentóu en Madrid o «Ensayo de una historia de los peces y otras producciones marinas de la costa de Galicia» que moito lle agradóu ao historiador Mayans y

Siscar (1718-1801), irmán de Gregorio, o sonado erudito, pola sua novedade e sabiduría, asegún carta escrita por él a Cornide o 24 de Setembro de 1797 dende Valencia calificando a obra de «brinquiño de oro» e decindo da amistade de Cornide: «procuraré conservar toda mi vida para mi enseñanza».

En 1789 establecéuse Cornide en Madrid onde asisteu ás clases dos Estudios de S. Isidro i entre elas á de Historia Literaria esplicada polo esgrevio erudito Don Miguel de Manuel. En 1790 pubricóu a sua disertazón encol das Casitérides, cuio emprazamento reivindicaba pra Galiza en contra da opinión entón común autorizada polo parecer do sonado arqueólogo inglés Camden, morto en 1623. No mesmo ano de 1790 presentóu á Academia da Historia as suas «Investigaciones sobre la fundación y fábrica de la Torre de Hércules», que impriméu en 1792. Tamén por este tempo, pois foi sendo Arcebispo de Santiago Fr. Sebaschao Malvar; (1783-1795), escribéu as suas importantísimas «Observaciones sobre la población, agrícultura, industria y comercio de Galicia», por desgracia non pubricadas. En 1792 foi nomeado Académico numerario da Historia. En 1793 revisor xeral da devandita Corporazón, consagrándose con tal dilixencia aos viaxes científicos que aquela lle encomendaba, que o laborioso benedictino galego, morto de abade en Sahagún en 1803 P. Paulo Rodríguez, tiña razón pra escribirlle dende este mosteiro o 3 de Marzo de 1796, o seguinte: «Cada uno debe cultivar en su terreno y vida propia. Galicía produjo muchos sabios y de primer órden, y no tiene hasta ahora un historiador propio, cosa digna de sentirse y llorarse. Dexe pues, V. m. a los vascones, ilergetes y lacetanos la descripción exacta de los Pyrineos y póngase a coordinar, corregir y ordenar esta multitud de observaciones que tiene recogidas sobre el territorio galaico, que tal vez no faltará quien en tiempo de paz le dé los auxilios suficientes para publicarlas». No 1798, no mes de Febreiro, comisionado Cornide pola mesma Academia, e acompañado do insine arquitecto santiagués Melchor de Prado, de Carrillo de Albornoz e do entón xóven Conde de Ofalia, anos máis tarde Presidente do Consello de Ministros, entróu en Portugal pra copiar un códice das Partidas destinado á edizón que a Academia preparaba e que veu a luz en 1807, así como pra tomar nota doutras inscrizóns e moimentos que ilustrasen a Historia de España. A meiados do 1800 xa estaba en Hespaña asegún carta do P. Risco ao archiveiro de Santiago Xoan Antonio Fernández, quen tivo unha frecuente relazón epistolar con Cornide. En 1802 foi elexido éste Segredario perpétuo da Academia da Historia por xubilazón do insine catalán Capmany, e nas memorias da Corporazón está pubricada a que él escribéu sobre a actuazón desta dende 1796 a 1802. Máis pouco tempo disfrutóu deste derradeiro cárrego pois o 22 de Febreiro de 1803, víctima dunha rápida doenza pulmonar morría en Madrid na Casa Rial da Panadería, situada na Praza Maior, onde entón estaba instalada a Academia, sendo enterrado ao día seguinte asegún consta da partida expedida con esta última data na parroquia de San Xenxo de Madrid. Estaba entón viudo de Dona María de España e Xiraldez, da que tivo unha filla, que lle sobrevivéu, chamada María Xosefa, e morreu de relixosa no Convento da Insinanza de Santiago. Foron testamentarios de Cornide o sabidísimo historiador do Dereito castelán Martínez Marina, o erudito canonista González Arnáo e o instaurador do Xardín Botánico de Madrid, Gómez Ortega, tan amigo do P. Sobreira, (1746-1805).

——

Moitas das obras de Cornide ainda están sen publicar, como as de tantos outros grandes eruditos do seu tempo. Polo estudo delas vemos como é un dos insines traballadores de aquel século, tan notabel pola sua erudizón, como dixo Menendez Pelayo, tan acertado na sua orientazón cara ao estudo das cousas patrias, e que ainda diante da enorme cantidade de pubricazóns modernas, non foi ben valorado nin siquera debidamente utilizado, no que influéu certamente a corrente de odio a Hespaña a que entón empezóuse a dar creto no noso país. Formado o noso biografiado na cultura crásica, e coas suas moitas e meditadas viaxatas, aquel

gran señor que non foi bacharel siquera, contribuéu a elevar a groria da Academia da Historia, tan benemérita dende os seus comenzos, e dou a Galiza a pesar da sua excesiva modestia un nome prestixioso máis, con que gabarse esta sofrida rexión, que dende o remate da Edade Media ven sendo ouxeto de tantas desconsiderazóns por parte dos estranos, e, o que é máis doroso, de moitos dos seus propios fillos.

A Academia da Historia garda además de obras manuscritas de Cornide, de tanto valor e suxestivas algunhas, como os seus «Viajes por Galicia» e por cáseque todas as outras rexións de Hespaña, o seu «Viaje a Portugal», «Estado de Portugal en 1800», «Noticias para formar el mapa de Galicia», «Descripción de las plazas fronterizas de Portugal», «Mapa de la provincia de La Coruña y parte de la de Betanzos», etc., moitas cartas por él escritas ou recibidas, unhas familiares, como as do seu sobriño Anselme Rodríguez de Rivas, dende Sevilla, outras científicas, como as dos Padres Flórez, Sobreira e Rodríguez, do coengo de Santiago Don Xosé Piñeiro Cancio, e do arquiveiro desta mesma cidade, Don Xoan Antonio Fernández. Datada no 30 de Xuño de 1773 hai unha carta de Xosé Miguel de Flores, Segredario e Arquiveiro da Academia da Historia na que lle escribe a Cornide que ésta acordóu formar un Diccionario xeográfico de Hespaña, encarregando a Cornide mesmo da parte correspondente ao Reino de Galiza.

En col de este ilustre galego escribeuse na ocasión da sua morte no «Mercurio» de Hespaña de 1803 e máis tarde na «Ilustración Gallega y Asturiana» de 1879, pero o estudo máis meritorio que hai por agora é o de D. Carlos Ramón Fort. (1) no seu discurso diante da Academia da Historia en 1868, de onde o articulista da «Ilustración» tomóu todol-os seus datos. Coidamos que cos que nós acabamos de fornecer, recollidos acuradamente de varios manuscritos da devandita Academia, aumentamos algo o coñecemento que de aquel insine varón pode terse.

(1) Este virtuoso i erudito galego nacido o 4 de Santos de 1807 na Cruña, e morto o 9 de Abril de 1878 en Madrid, foi Colexal do Maor de Fonseca, Direitor do Instituto de Pamplona e Profesor de Historia das Cencias Ecresiásticas na Universidade de Madrid. Pubricóu unha «Oratoria Sagrada», a «Colección de Concordatos entre España y la Santa Sede», «El Concordato de 1851 comentado» e as «Institucións Canónicas de Devoti, traducidas y aumentadas». Foi Académico da Historia dende 1857.

O INFORME

Entre o 22 de Xullo de 1795 en que foi nomeado Godoy Príncipe da Paz, pois así o chama Cornide, e o 28 de Maio de 1798 en que deixóu de ser Ministro, ou despois do 27 de Febreiro de 1801 en que voltóu a selo, hai que colocar a data da petizón formulada por aquel tan sonado favorito ao noso biografiado, dun informe en col do estado da educazón da xuventude en Galiza, e a resposta déste, que cáseque totalmente â letra transcribimos a continuazón.

Godoy fixéralle nove perguntas e Cornide responde a elas dempois de asinalar catro indicazóns previas: 1.ª, que aínda que os froitos que produce Galiza non poden considerarse suficientes pra a subsistenza dos seus poboadores, a industria de tantos brazos sabe procurarse arbitrios con que suprilos; 2.ª, que ainda que a agricultura de Galiza e susceptibel de moitas melloras, a que mais necesita delas e a industria, dirixíndoa por bos principios e imitando os medios de que se valeron as nazóns estranxeiras, e pra esto nada pode contribuir tanto como os bos estudos e unha educazón ben entendida e conforme co xenio e circuntanzas en que se atopan os galegos; 3.ª, que ainda que estes non carecen de suficientes luces naturás, a escasa fortuna que gozan os mais, non lles permite formar empresas costosas nin aventurar aquela có perigo de que o mal suceso de unha esperencia os deixe espostos a unha subsistenza precaria ou cicáis á mendicidade; por tanto só o bo suceso de tales empresas entre os seus veciños é capás de convencelos e de determinalos a seguir o seu exemplo; 4.ª, que as persoas capaces de dar éste son os individuos do clero secular e regular e os que compoñen o corpo da nobleza; entre aqueles i esta crás de cidadáns eisiste a propiedade, deles depende a crás agricultora e artística e aquelas soias son

capaces de convencer a ésta. Por tanto, a educazón en Galiza, máis ben que noutra parte da Peninsua debe dirixirse principalmente ao estado ecresiástico e relixioso e ao da nobleza».

Logo fala Cornide da educazón dos individuos do seu respeitivo clero, pola que laboraron tanto Fonseca e San Clemente, Arcebispos de Santiago. e D. Francisco Losada, Bispo de Mondoñedo, dendes 1762, ata 1782, e que antes fora Coengo Maxistral de Santiago, das boas sementes das cencias naturás e dos coñecementos agrarios, económicos e industriás que espallaron a Academia de Agricultura da Cruña, as Sociedades Económicas de Santiago e Lugo, o Montepío de Pescadores e o Consulado, que a pesar das suas aspirazóns ten só duas cátedras de Hidrografía e Navegazón, e unha de Comercio. Prefire que haxa «muchas escuelas en donde puedan recibir la conveniente educación literaria, al mismo tiempo que la vista de sus padres se ocupa en la pureza de las costumbres, a la fundación de un colegio de nobles en Galicia como había propuesto este Reino en una de sus juntas para la concesión de millones, y yo mismo había promovido».

Á primeira pergunta en col do influxo da educazón actual na industria e agricultura, responde Cornide: «Como la educación científica actual de nuestra juventud no tiene relación con la agricultura y la industria, lejos de contribuir a sus adelantamientos influirá en su decadencia, que se aumentará a proporción que la labor del campo, la cría de ganados y el ejercicio de las artes se abandonen a la rutina».

Á segunda pergunta cara a qué ramos das artes deberáse chamar a principal atenzón dos pobos respeito ás particulares circunstancias que concurren neles, responde: «A la mejora de la labor de los campos, al plantío de árboles para maderas y para frutales, al de olivos en las provincias meridionales y casi en todas al de las moreras.—A la cría de ganados vacuno, caballar y de lana.—Al fomento de la pesca, haciéndola libre, aumentando el fondo del montepío para socorro de los pescadores y atendiendo a mejorar la enseñanza de esta industria.—A facilitar semillas para la siembra de linos y de algodón.—A promover las fábricas de sombreros y las tenerías para dar destino a los muchos cueros y lanas que vienen y pueden venir de Buenos Aires.—A mejorar el laboreo de las varias herrerías que hay en los montes que separan Galicia de León y Asturias, estableciendo cerca de ellas fábricas de armas de fuego y de corte y varios ramos de instrumentos de labor y «quinquillería» para no vernos en las estrecheces en que nos hemos visto cuanto a las primeras en la última guerra y en la necesidad de recibir los segundos del extranjero».

Á terceira pergunta en col dos medios con qué inclinar os pobos a estos estudos responde: «Las enseñanzas que se establezcan, la emulación, socorros y premios a los que se distingan, el ejemplo de sus curas y señores y de los jueces que los gobiernen».

Á carta pergunta en col dos capitás que hai en Galicia contesta: «Las rentas de la Universidad de Santiago, que pasarán de treinta mil ducados; las del Colegio de San Clemente de pasantes; las aplicadas al Seminario de Mondoñedo y al Colegio de Lugo; las del Colegio de Monforte; la parte de las rentas que los regulares expulsos tenían en los Colegios de Santiago, Coruña, Pontevedra, Orense y Monterrey, con obligación de la enseñanza pública; las de un Colegio fundado en Mellid por un Obispo de Quito con igual destino; la parte de rentas que se quiera tomar con igual destino de las del Consulado, que en años de paz no bajarán de cuatrocientos mil reales, de los que sobran, después de los gastos ordinarios, más de cien mil; las prestameras o rentas simples de los obispados de Galicia como se practicó en Mondoñedo».

Á quinta pergunta en col do emprego actual destes capitás, responde: «Los de la Universidad de Santiago se emplean en la dotación como de unas treinta cátedras de Teología, Cánones, Jurisprudencia, Medicina, Física experimental, Matemáticas, Anatomía, de las cuales, entre las de estudios escolásticos puede suprimirse algunas; en las de Ciencias exactas y Ciencias naturales deben aumentarse algunas y dotarse mejor otras; en mantener el Colegio Mayor

de Fonseca, el Menor de San Jerónimo y la Biblioteca.—Las rentas de los Colegios de Mondoñedo, Lugo y Monforte, están destinadas para la enseñanza de las ciencias eclesiásticas.—Las del Colegio de San Clemente, que creo no llegarán a quince mil reales, en mantener a tres o cuatro colegiales, las que se pueden aplicar a otro destino incorporando este Colegio en el de Fonseca. Las de Mellid para primeras letras, Gramática, Filosofía y creo que Teología Moral.—Las de los Colegios de los regulares expulsados, en donde los tenían, para la enseñanza de primeras letras y Gramática.—Las del Consulado de La Coruña para dos cátedras de Hidrografía y una de Comercio».

Á sesta pergunta en col dos troques que habería que facer e estabrecimentos que habería que crear pra aumentar a cultura, responde: «Las ventajas que se desean y cuyos buenos efectos se ven en otras partes, se podrían conseguir haciendo los siguientes establecimientos y mutaciones: En Santiago dos cátedras de Matemáticas, además de la actual, una de secciones cónicas y Cálculo, otra de Matemáticas mixtas como Óptica, Dinámica, Hidrodinámica, Estática e Hidrostática, una de Botánica e Historia Natural, otra de Química con laboratorio. Estas dos últimas y la de Anatomía con su teatro anatómico y el jardín botánico, se pueden establecer en el Hospital Real y aún dotarlas con rentas de este rico establecimiento, si no llegasen para ello las de la Universidad.—La de Física experimental con gabinete de máquinas. Una Escuela de Dibujo, Pintura, Escultura y Arquitectura civil y subterránea con gabinete de figuras, modelos, cortes de cantería, monteas, etc., aprovechando lo que de estos ramos tuvo la Sociedad, y fijándola en el Colegio de San Clemente, que aún cuando conserve sus colegiales, ofrece suficientes proporciones para otros objetos.—Un maestro de Lengua francesa e inglesa, pagado de los propios de la ciudad, pues puede servir de intérprete, bien necesario en donde hay tanta concurrencia de peregrinos y extranjeros.—En La Coruña, por cuenta de las rentas del Consulado, tres cátedras de Matemáticas, con obligación, el uno de los Profesores, de enseñar la Hidrografía y Maniobra.—Otra de Física experimental con el cargo de enseñar Agricultura, otra de Comercio y Economía Civil, una Escuela de Dibujos de figuras y adornos. Un Gabinete de las máquinas necesarias para el estudio de las matemáticas y la física, y de modelos para las manufacturas, etc.—Un Maestro de lenguas modernas que sirva de intérprete a la ciudad en la visita de sanidad.—En Pontevedra Cátedras de Hidrografía como están ahora en Coruña, de Física y Agricultura, y Maestro de lenguas modernas.—En Orense, Lugo, Monforte y Mondoñedo, dos cátedras de Matemáticas inferior, de Física y Agricultura, de Mineralogía, Química y Arquitectura subterránea».

«Ciencias eclesiásticas: En Orense, Tuy y Lugo, sobre el plan de Mondoñedo, y aplicando para su subsistencia las prestameras de cada uno de estos obispados, y en su falta lo que se necesite, de la tercera parte de las rentas episcopales».

A séptima pergunta en col de qué método podería observarse pra evitar a perda de tempo precioso en estudos que non truxeran unha ventaxa verdadeira e permanente ao Estado, contesta: «Convendría disminuir el estudio del Derecho romano conservando solo lo necesario para la inteligencia de nuestras leyes, haciendo observar en la aplicación de ellas la conveniencia que tienen con las de aquella nación o la razón de discrepancia. Convendría tener otras del Derecho Canónico de nuestra Iglesia y de su conveniencia o disconveniencia con el de la Iglesia general. Cuanto a la Teología creo que con adoptar el método que ha propuesto Melchor Cano para su estudio, tendremos cuánto se necesita, y nos desembarazaremos de cuestiones impertinentes y eternas».

Á octava pergunta en col das ventaxas que se deben agardar da uniformidade de elementos e libros en todos os dominios da S. M. responde: «Son las de evitar tales cuestiones y parcialidades de escuela; se debe arreglar el estudio de las artes, Teología y Cánones y establecer en las Comunidades los que el Gobierno mande enseñar en las Universidades».

Á novena pregunta encol de que medios serían os máis proporcionados pra introducir nos regulares o gosto das cencias naturás i exactas e que eles mesmos os propagasen, responde: «Que a no ser contando con las religiones monacales, poco partido se puede sacar en Galicia de las que tienen fundaciones en este Reino. Aún entre aquellas aventaja mucho la de San Benito a su hermana la de San Bernardo en el estudio de las ciencias que no influyen directamente en los adelantos de su carrera. Convendría señalar sobre las cuantiosas rentas de los mismos monasterios o sobre las de los obispos en cuyas diócesis estos se hallan, algunas pensiones. Y entonces en el Monasterio de San Martín de Santiago podrían establecerse Cátedras públicas de Lenguas orientales, de Historia eclesiástica y civil, de Diplomática, de Disciplina y de Liturgia. En el de Samos, Celanova y Lorenzana, iguales cátedras y otras de Matemáticas, Física experimental, Química y Mineralogía, en cuyo ramo ganará mucho el primero por componerse gran parte de sus rentas del producto de varias herrerías que laboran por su cuenta. Las cuantiosas rentas de los monasterios cistercienses de Sobrado y Osera, pueden mantener decentemente profesores seglares de éstas y otras ciencias, mientras entre sus individuos no se formasen maestros capaces de enseñar. Con las rentas de las boticas de casi todos los monasterios señalados, (que no solo despachan para la comunidad sino para el público) se podrían mantener en cada uno de ellos catedráticos de Química y Botánica, bien fuesen conversos o legos de las mismas religiones, bien de los muchos jóvenes que se van formando en las escuelas de esta Corte, que por este medio hallarían estímulo para sus estudios, y en las huertas y cercados de los monasterios podrían formarse extensos jardines botánicos y aun practicarse experimentos que sirviesen de ejemplo a los pueblos del contorno para mejorar las prácticas agrarias. En Coruña hai un Colegio de la Orden de San Agustín. A estos Padres, (entre los cuales reina el buen gusto de las ciencias) se podría encargar la enseñanza de las lenguas sabias, aún cuando se les señalase alguna pensión sobre las rentas eclesiásticas del Arzobispado de Santiago o se les agregase alguna prestamera, porque los bienes que disfrutan son escasos. Para las enseñanzas prácticas debe proporcionársele al pueblo en dónde aprenderlas y adonde poder aplicar los principios adquiridos en las escuelas. En las fábricas ya establecidas y que en adelante se establezcan, hallarán esta enseñanza los que quieran adquirirla, observando lo que se ha practicado con la de tejidos de algodón de Pontevedra, esto es, procurando que los fabricantes que imploran la protección del Gobierno se obliguen a enseñar su arte y sus secretos a un determinado número de jóvenes, ofreciendo algunos premios a los que de estos sobresalgan, y ciertas distinciones al maestro que saque mayor número de discípulos y los más aprovechados. – El establecimiento de las fábricas se debe combinar con las proporciones locales: esto es, las de algodón, sombreros, curtidos y ebanistería en la costa; las de lino en la costa y en todo el interior del Reino, y las de «quinquillería» y ferretería en las faldas de los montes que dividen el Reino de León y Asturias, Valdeorras, Quiroga, Monforte, Sarria, Valle de Neira, Fonsagrada, Vega y Villa de Ribadeo serían pueblos muy oportunos, ya por la proximidad a las ferrerías ya porque los alimentos no están caros».

Remata Cornide o seu Informe decindo que crê «haber satisfecho a las preguntas, y que si hubiese alguna equivocación habrá sido más efecto de mi corta inteligencia que de mi voluntad siempre dispuesta a obedecer las órdenes de Vuecencia».

——

Este escrito conservado no est. 27, gr. 4, E. III da Academia da Historia, insínanos que Galiza xa daquela cunha poboazón maor que hoxe relativamente ao resto de Hespaña (1) padecía escasés de subsistenzas, que a maor parte dos seus habitantes tiñan por tanto pouca fortuna e que cáseque toda a propiedade estaba en máns da nobreza e

(1) Cornide asinala a Galiza 1.680.165 habitantes, namentras o censo de 1797 dona a Hespaña 10.409.879.

do clero, que aínda tiñan un grande ascendente entre os labregos e artesáns.

Asisado e conforme cô esprito do tempo, Cornide eisixe un esquecemento dos métodos apriorísticos aínda nas cencias ecresiásticas esterilizadas coas pluriseculares disputas escolásticas, e un cultivo maor das cencias filolóxicas e históricas como auxiliares da Teoloxía asegún Franza, principalmente, o tiña feito; aconsella un achegamento ás nosas cousas nazonás e por tanto tamén ás rexionás, pois xa Sarmiento pol-o amor a aquélas fora levado ao seu agarimoso amor a Galiza, que había de atopar en Cornide outro defensor valioso, por exempro, ao razonar o dereito ao voto en Cortes da nosa Terra; mostra unha crarísima predileizón polas cencias naturás i exactas e sobre todo unha forte arela de que a cencia teña un fin práctico animando principalmente a agricultura e industria.

Esprito Cornide aberto ás novedades aceptabres en que o seu século non foi estéril, mais suficientemente ponderado pra non extraviarse cos radicalismos criminás a que moitos contemporáneos seus con mediana boa fé, e outros con evidentemente mala, prestaron homaxe, cicáis a mesma ausenza de formazón sistemática científica evitóulle incurrir nos escollos con que adoitan tropezar tantos cegados polo esprito de sistema. ¡E descadasí o seu temperamento era o dun puro científico! Fora dos cárregos púbricos que tivo na sua terra galega, debido en gran parte á sua outa posizón social de Señor de Maaríz no actual partido de Vilalba, na provincia de Lugo, a sua vida fecunda transcurréu, a diferenza dos seus compañeiros da Academia, Campomanes, Capmany, e Jovellanos, na oscuridade a que o estudo obriga cando un se consagra a él totalmente. ¡Tanto mellor pra as letras! Os seus servizos â Academia da Historia, sobre todo os numerosos viaxes que por encárrego dela fixo, algún, como o realizado a Cabeza del Griego e a Talavera la Vieja, imprentado nas Memorias da douta Corporazón, as mesmas conclusiós que do estudo das fontes deduxo apoiado sempre na minuciosa inspeizón dos lugares, dan un valor eterno a moitos dos seus estudos.

Superior en equilibrio ao gran polígrafo Sarmiento a quén, coa venerazón que lle merece, reproba que moitas vegadas «haga el gasto la fuerza de la imaginación en sus escritos», igoal en esprito de observazón aos galegos Padres Rodríguez e Sobreira, aos que superaba en talento aínda cedéndolles en preparazón humanística e diplomática, hai nél unha meticulosidade nos detalles, é tan oportuno nas suas indicazóns, tan vario nos seus coñecementos, que o crémos unha das mellores fontes pra coñecer a Historia de Galiza no século XVIII. Comparado côs grandes galegos do seu tempo, Feixóo e Sarmiento, indiscutibremente de máis envergadura e superiores en erudizón e doctriña, tén sobre deles a ventaxa por haber nacido máis tarde, de ter vivido a afizón â economía e â política económica que procedente inmediatamente de Franza, invadéu ditosamente a Hespaña nos remates da decimaoctava centuria, e que en Galiza atopóu repercusión entusiasta, pois además de Cornide i entre outros de menos importanza, non podemos esquecer aos dous benfeitores da cultura e da industria galega, Don Xoán Francisco de Castro, fecundo pubricista, xurisconsulto e Arcediago de Dozón na Catredal de Lugo, (1731-1790), e Don Pedro A. Sánchez, (1749-1806), Coengo de Santiago, gran erudito e fundador da Biblioteca do Consulado da Cruña.

Sant-Iago, 1834.

AS DORNAS DO PORTO DO SÓN

Por XAQUÍN LOURENZO FERNÁNDEZ

Á valente dorna JOSEFA, da matrícula de Riveira. Folio 172.

Uns días de estancia no Porto do Són e unhas horas de conversa cos pescadores, permitíronme reunir unhas cantas noticias referentes âs dornas, que dou a continuación.

Nada se tén feito en col da etnografía das costas da Galiza. Así o noso traballo tropeza coa dificultade da falla de antecedentes.

E o momento é crítico: a punto de desaparecer unha chea de costumes i embarcacións típicas, aixiña non serán mais que unha lembranza na mente dos vellos mariñáns, que nas mañáns soleadas do inverno contarán aos netos as suas andanzas naquelas embarcacións en que ollaban a morte cara a cara tantas vegadas.

A dorna (o xeito, a traíña) van chegando ao remate da sua vida. Vense desplazadas pol-os motores de explosión e o seu campo de acción vaise limitando.

Non é de lamentar a sua perda, sempre que esta siñifique un progreso, mais coidamos que istes documentos populares deben ser coidadosamente estudados: teñamos en conta que ilas forxaron a alma arriscada e valente dos nosos mariñáns.

* * *

Anque non sexa o Porto do Són o sitio en que mais abondan as dornas, atopamos n-il ainda bastantes, con certas características propias.

A dorna siñifica o paso da pesca familiar ao cooperativismo; é propiedade de unha soia familia, mais pra tripulala precísanse tres homes e un rapaz; non sendo fácil atopalos n-unha familia únicamente, os propietarios facilitan a embarcación pra que outros tres o acompañen; chegada a hora de repartir o producto da pesca, tanto perciben uns coma outros, non tendo o propietario outra ventaxa que a de tripulal-o barco en calidade de *patrón*.

Así pois, a dorna resolve o problema aos pescantíns probes, que de outro xeito non poderían adicarse â pesca de mar adentro e con certa intensidade.

As dornas adoitan faguelas carpinteiros especializados n-estas labouras, en pequenos astilleiros. Emprégase pra elas a madeira de piñeiro, póndolle a quilla de sobreira ou de carballo.

No Porto do Són atópanse duas castes de dornas: unhas grandes, de cinco ou seis metros de eslora, e outras máis pequenas, de tres ou catro, chamadas *dornas polbeiras*, por empregalas especialmenie prâ pesca dó polbo ou pulpo.

A maneira de costruir é idéntica nas duas; ao contrario do que ocurre co resto das embarcacións, as dornas comenzan a faguerse pol-os costados, faguendo a armadura interna despois.

Primeiro ármase a *quilla* co *rodame* (fig. 1); logo prepáranse e colocánse as taboas que forman os costados; estas taboas son cinco en cada banda: a superior recebe o nome de *taboa de cubrir;* a segunda, de *taboa de virar;* a derradeira ou inferior, *calime*; as duas restantes carecen de nome especial.

Unha vez feitas estas taboas, póñense no seu sitio, clavándoas ao rodame e â quilla.

A parte posterior da dorna, *popa*, está formada por duas taboas, que se colocan agora, chamadas *barragán* e âs que se suxetan os estremos posteriores das *taboas*.

A continuación fanse os *madeiros* (fig. 2), e métense antre as taboas, forzandoas deica



(Fig. 1)

que van ao seu sitio. As dornas grandes levan uns 16 madeiros; as pequenas, como é lóxico, teñen menos.

As taboas que forman os costados das dornas, poden ir de dous xeitos: montando o borde da superior na inferior inmediata, *dornas de barragán*, ou cos seus bordes correspondentes en contacto, *dornas de tope*.

Os *madeiros*, como se pode ver na figura 2, están formados por tres pezas. Na parte superior de cada lado, levan un resalte no que vai apoiado o piso da embarcación

ou cuberta. A distribución e nomencratura de esta, así como as varias dependenzas de que consta unha dorna, pódense ver na figura 3.

Antre o *banco de meo,* e o *banco da cadeira*, van unhas taboas, *panas da cadeira*, que serven pra tapar a *cadeira* e forman un piso suplementario.

As aberturas da cuberta, *cofiños*, *burato do pan*, etc., levan os seus bordes protexidos por uns listóns de madeira, denominados *malletes*.

Antre banco e banco pódese pór unha peza chamada *saleiro* do sitio en que estíe *(de panel, do cofiño...)* que forma un a maneira de tabique vertical, e serve pra dividir en dous o espacio en que se poña.

Antre o *burato do pan* e o *panel de meo*,



(FIG. 2)

a cuberta da embarcación tapa unha especie de almacén, chamado *tilla*, c-unha porta cara o panel de meo (fig. 4), no que se gardan as cousas pequenas.

O fondo da embarcación vai cuberto por un *empanetado* que a recorre toda, menos na proa, en que é sustituido pol-o *carro*, de cuio emprego falaremos logo.

Os tabiques verticaes pasan do empanetado e chegan deica o fondo, quedando en contacto coas taboas dos costados e do fondo; con obxeto de que a auga poida pasar de unhas divisións ás outras a través dos tabiques, istes levan no seu estremo inferior un burato, que se coñece co nome de *boroeira*. Cando a embarcación queda en seco, pra lle vazar a auga que teña dentro, faise que quede mais baixa pol-a proa e ábrese un burato que leva no calime, a rás da quilla, chamado *cadoira*, pol o que sai a auga; logo, vólvese tapar con estopa.

As dornas móvense a vela, mais cando falla o vento é preciso recurrir aos remos; cada dorna leva tres pares, pra cuio uso tén as *remadoiras*, coas *sopas* e os *toletes* (figuras 1 e 3); o remo préndese ao tolete por meio de unha corda chamada *estrobo*.

Os bordes da dorna chámanse *pesqueiras* e van reforzadas coa *sinta* e o *courel;* por baixo de iste, na mesma sinta, leva uns buratos, *imoinales,* que van saír aos *corredores* e que serven pra desaloxar a auga que poida cair na cuberta.

O mástro ou *pau* da dorna, gárdase na casa, o mesmo que a vela, os remos, etc.; esí o *pau* é de facil porta. No seu estremo inferior está un pouco aguzado, denomeándose esta parte *mecha*, que vai descansar no *carro* (fig. 5) que, como deixamos xa dito, vai situado no fondo, a proa. O *carro* ten tres buratos, n un dos coaes se mete a *mecha* (fig. 4) cando o aire é pouco convén o *pau* ergueito pra que a vela o recolla mellor; entón a mecha vai ao burato posterior do carro; se, pol-a contra, o vento é forte, o pau pasa ao burato anterior, quedando entón incrinado cara popa e recollendo a vela menos vento. No caso de vento normal, o mástro descansa no burato do centro do carro.

O mástro entra pol-o *burato do pau*, boca de unha caixa formada por tres taboas, *guias*, que fan ir o pau ao seu sitio. No *burato do pau* vai unha travesa, chamada *aparella* (fig. 3) na que descansa o mástro, sendo asegurado por diante c-unha *cuña*. Do estremo superior do mástro (fig. 1) parte un cable, *estrinque*, que se ven atar ao *banco de escota*, mantendo firme o *pau*.

A vela, na sua parte superior, leva unhas ataduras, chamadas *envergas;* a do estremo anterior chámase *cabesa* e a posterior *badasa;* coelas vai a vela atada a un pau, *verga,* que a sostén por riba.

No tercio anterior da *verga* átase o *arracamento*, formado por unha corda na que van enfiados unha serie de discos de madeira, *garruchos*, que abrazan o mastro e fa-

cilitan a maniobra de izar e arriar a vela, suavizando o roce.

A vela, tanto a sua confección coma as reparacións que precise, adoitan faguelas individuos prácticos na materia, os *veleiros*.

A cousa de un metro da cuberta, o mastro leva unha peciña de madeira, *chasarel*, na que se ata un cable que pasa pol-a *nôs*, peza de madeira c-un burato; que vai embutido na parte superior do mastro; iste cable sostén unha polea ou *motón*, pol-a que pasa a *ustaga*, cable pra izal-a vela, por meio da *drisa*, que xoga antre dous *motóns*, amarrado o inferior a unha argola de ferro chamada *cáncamo;* cada dorna leva dous *cáncamos* en cada banda.

A verga, no seu estremo anterior, leva unha polea, *botón do braso*, pra, por meio do cable de iste nome, carear a vela ao vento.

O lado vertical anterior da vela ten, no seu tercio inferior, unha serie de lazos, *poias*, aos que se corresponden outros *cabos*, no lado vertical posterior; nas liñas horizontaes que uns e outros determiñan, leva a vela unha serie de barazas, *velafns;* o oficio de uns e outros é *recollel risos*, acurtando a superficie da vela. Con vento normal, a vela préndese a proa na *poia* inferior, na



(Fig. 3)

estribeira, por meio do *casulete;* o *calo* correspondente vai atado a un cable ou *escota*, amarrada â sua vez ao *banco de escota*.

A forma especial do timón fai que se non poida costruir de unha soia peza, sendo preciso pórlle un engadido, chamado *asafrán*.

Pra o caso de que o vento sexa tan floxo que non chegue pra mover o barco, ou que falle en absoluto, leva a dorna, como xa máis atrás indicamos, tres pares de remos, todos igoales; sendo catro os tripulantes, tres póñense dos remos, cada un seu par, e o outro, que é o patrón, ponse ao timón. Cando se non usan os remos, van colocados antre dous *galleiros,* que entran en sendos buratos que teñen os remadoiros de proa e de popa.

Con obxeto de que a dorna se non deite sobor de un costado cando queda en seco. póñenselle dous paus (fig. 2), un a cada lado, chamados *escoras*, cuios *tornos* se meten por un *imornal*, atando a parte superior a un *tolete*.

Unha dorna grande, con todol-os seus aparellos, custa arredor de 1.000 pesetas, sendo pequena, 100 pesos.

Cando un pescador adequire unha dorna, nova ou non; o primeiro que fai é mandala benzoar; logo, precura os tres compañeiros que lle fallan e lánzase â mar.

Xa dixemos que o propietario é o que

desempeña o papel de patrón; os outros son dous homes e un rapaz, que pode tér de 10 anos en adiante.

N-outros sitios de estas costas, as dornas adícanse â pesca con rede, máis non así no Porto do Són, en que somentes pescan con anzó. Por esta razón os tripulantes non levan nomes especiales, pois fora o patrón, todos teñen faenas igoales. En Muros reciben os seguintes apelativos por razón do seu oficio: *patrón*, *proel* (o que axuda a izar os aparellos) e *rapaz*.

Prâ pesca de anzó na dorna, úsanse principalmente os seguintes aparellos (fig. 6).

Liñó pra o abadexo: O *fio*, feito con fio corrente de carrete mercado na tenda, vai envolto a un *sirgo*, anaco rectangular de corcho; leva no seu estremo un aramio, *chinche*, c-un plomo no meio; a continuación vai a *treita* ou sedal co *ansó* na punta. Cébase con anacos de peixe, restos de pescas anteriores, xeralmente con *raxo* de polbo. O abadexo péscase coa dorna fondeada e tamén *â isca*, esto é, botando os liñós â auga pol-os costados da embarcación e pondo esta en movimento; prâ *isca* utilízase o



(Fig 4)

Liñó da isca, que se diferencia do anterior en carecer de *chinche* e tér varios *plomos*, levando unha *treita* máis pequena.

A *liña* utilízase pra pescar o congrio; non van embrullado o fio a un *sirgo*, senón arrollado ao ar; iste *fio* é máis groso que o dos aparellos anteriores e leva no seu estremo un croio de forma de ovo, chamado *pandullo* (fig. 7) que fai o oficio do plómo; de iste croio sai un sedal, *tansa*, c-un anzó de gran tamaño, chamado *estrame*, no seu cabo. Denantes do croio leva iste aparello unha bulsa de lona, de forma cónica, unida ao fio pol-o seu vértice.

Usase iste aparello coa dorna fondeada, anclandoa coa poutada (fig. 8, a) se o fondo é de area, e co *arpeu* (fig. 8, b) se é de pedra. Pra *isar* o arpeu ou a poutada, ponse na parte superior do rodame da dorna, unha peza, chamada *monteira* (fig. 10) c-unha roldana ou *motón* pol-a que pasa o cable que sostén a poutada ou o arpeu.

Iste aparello cébase botando *ingoado*, (restos de peixe) na *bulsa* e prendendo tamén algún no *estrame*; entón bótase â mar e, pol-o mesmo movimento de descenso do aparello a auga mantén coa boca cara arriba â *bulsa* (fig. 9), mais en canto chega ao fondo e se detén, a *bulsa* dá a volta e deixa cair o *ingoado* na auga, atraendo así aos congríos. Esta crás de pesca faise de noite,

Liñó prâs cabalas; ten o seu fio iste aparello envolto a un *sirgo* i está feito de pelo de cabalo. Denantes do seu remate, e con obxeto de que o fio se non desfaga, leva un *birol* que permite ao resto do aparello dar



(Fig 5)

voltas; no seu estremo leva un aramio c-un plomo, partindo de aiquí duas *tansas* ou sedales, que portan sendos anzós. Antre o *birol* e o aramio vai unha bulsa, semellante â da liña do congrio, cuio funcionamento é tamén igoal. Iste aparello úsase tamén co barco fondeado. Cébase con carnada de sardiñas.

A *gradella* utilízase pra pescar pintos ou margotas. Consiste n-un bastidor de madeira ao que se envolve o fio; no cabo leva un croio do que sán dous sedales cos seus *ansós*. Cébase con carnada de sardiña, chopo, etc.

Finalmente, nas dornas úsase tamén o *palangre*: un fio con sedal, plomo e anzó; cébanse denantes de ir ao mar unha cheia de iles e vanse espetando na beira de unha cestiña baixa, co fio cara adentro; embárcanse e téñense así deica o momento de usalos. Chegado isto, botanse uns cantos por

cada banda da embarcación e ponse esta en marcha. Âs vegadas, poñense dous paus nos costados, normales ao eixe maior da embarcación e horizontaes, de xeito que se proiecten por riba da auga; a istes paus van enganchados os aparellos. Utilízase o *palangre* prâ xarda, sardiña, etc.

De todos istes aparellos non vai un só na embarcación, senon varios, pra que todos poidan pescar.

Namentras se non usan, os aparellos téñense gardados na *tilla* (fig. 4).

A prevención levanse anzós de reposto, que van gardados n-unha caixa de madeira chamada *ichote*, así como redales, plomos, ecétera.

As *dornas polbeiras*, das que xa falamos, úsanse prâ pesca do polbo ou pulpo; o aparello pra esta crás de traballo, é ben sinxelo: un fío, en cuio cabo vai un anzó, no que se engancha un cangrexo dos chamados *pateiros;* unha pedra sérvelle de lastre; o polbo agárrase ao pateiro e xa non-o solta deica llo quitaren cando o isan â cuberta. Din os pescadores, iñoro con que fundamento, que o pateiro, pra que sirva a iste obxeto, tén que ser femia. O polbo péscase con dorna fondeada.

E temos xa ao pescador en condicións de comenzal-o seu traballo.

Sendo a dorna unha embarcación pequena, os resgos son grandes se se non leva un bó día. Por eso non sempre san â mar.

Mais contemos c-un bó día. Âs 2 da mañán xúntanse na praia os catro tripulantes da dorna, levando o *pan*, velas, remos, etc., que garda o patrón na sua casa. Arman o aparello, meten na tilla os útiles da pesca e danse ao mar.

A base da sua alimentación é o peixe, así é que somentes levan de terra algúns ingredentes: pan, patacas, aceite e pemento; o derradeiro adoitan levalo na armadura das pinzas de un lombrigante. Levan ademais unha botella de caña, que usan tamén como remedio. Finalmente, n-un pequeno barril, levan auga pra beber.

Ao sair do Porto do Són e pasar enfrente da capela da Atalaia, na beira do pobo, rezan os pescadores unha salve â Virxe; e anque algún non-a rece por fora, como decía o noso informador, rezaa por dentro.

Os pescadores adoitan ir vestidos con traxe de augas: sudeste, chaqueta e pantalón; algúns, mellor acomodados, levan tamén botas de augas e, no inverno, chaquetón de pana. Istes traxes de augas véndenos feitos no mesmo Porto do Són e, fora as botas, custan 5 pesos. Algúns pescadores fanos iles mesmos.

Xeralmente, as dornas san a faguer unha das varias crás de pescas determiñadas. Grandes coñecedores dos mares que percorren dende nenos durante toda a sua vida, saben perfectamente onde están os bancos da pesca que buscan e a iles se dirixen. Chegados,



(Fig. 6)

preparan os aparellos e comenzan a pescar.

As dornas botan no mar, como máisimo, dous días; non hai, pois, peligro de que o peixe se descompoña se se non sala. A mesma auga do mar, coa que se precura que estén sempre mollados, se encarga de os conservar. Consonte se vai pescando, vaise botando o peixe no *cubichete*, onde se tén deica a volta a terra.

Pescan durante todo o día, aproveitando todal-as ocasións; non obstante, as horas en que rende máis o traballo son as da amañecida e do anoitecer. Algunhas como a do congrio, fanse pol-a noite.

Ao meiodía, preparan os mariñeiros o seu

xantar, a típica *caldeirada*, peixes de varias castes, do tamaño das sardiñas, pol-o xeral, e patacas, cocido todo en auga do mar e revolto logo con allada.

Pra cocer o xantar, armase o lume ben n-unha fornilliña, ben n-unha lousa de pedra. Sexa cal queira, ponse no *panel de meo;* por riba, apoiado na cuberta e no *banco do meo*, vai un pauciño no que se colga o caldeiro en que se fai o xantar. O lume acéndese con carbón que, a prevención se leva de terra.



(FIG. 8)



(FIG. 9)

Pol-a noite, unha *caldeirada* igoal serve de cea.

Sendo catro os tripulantes da dorna, velan dous, namentras os outros durmen a mitai da noite; pasada esta, deitanse os que velaron e os outros sustituienos.

Anque se saia a pescar con bó tempo, iste pódese tornar e pôrse ruin, sendo fácil entón sofrir algún accidente; antre os moitos a que estas embarcacións están espostas, son frecuentes principalmente tres, rotura do timón, da *agulla* ou da *estribeira*. Nos dous primeiros casos non queda máis recurso que retirar o timón e utilizar no seu canto un remo. Cando parte a estribeira, ponse outra de corda.

Mais âs vegadas os accidentes poden ser mais serios: rotura da quilla ou de unha taboa do fondo ou dos costados; entón non hai arrenxo posible. Sostéñense a flote o mais tempo posible e axitan un pano, unha camisa ou outro trapo calquera pra que os vexan as embarcacións que pasen e acudan no seu ausilio.

Cando veñen temporales e hai barcos fora, os que quedan en terra van tendo conta das que chegan e, se ven que falla algunha, san na sua precura, xeralmente n-un barco de motor.

Durante a noite, ainda estando bó tempo, os vixilantes acenden unha lus branca cando ven un barco preto, con obxeto de que iste se die conta da sua presenza e non-os aborde.

Nos días de névoa van tocando unha *corna* ou caracola pra avisal-o seu paso a outras embarcacións, que, de outro xeito, iñorarían a sua proisimidade.

Pasados un ou dous días no mar, regresa a dorna a terra. Moitas vegadas, véndese no mesmo barco o producto da pesca; outras véndese despois de desembarcar, operación que fan os mesmos tripulantes.

Vendido o peixe, repártese o producto a partes igoales antre os pescantíns da dorna. se o día foi bó, pode dar un beneficio de 4 ou 5 pesos a cada un. Mais por desgracia, istes días non abondan.

E aiquí tendes a vida monótona e chea de resgos dos mariñeiros do Porto do Son, vida da que iles están contentos deica non ademitiren comparanza coa dos galegos de terra adentro.

(FIG. 7)



(FIG. 10)

A incertidume da sua vida, sempre por riba das augas treidoras dá a istes homes un esprito xeneroso e un amplio concepto da vida e das suas pasións.

O mar é pra iles berce e tumba e n-il trascurre a sua vida toda.

Semellantes aos croios que o mar axota

âs praias, istes homes perderon ao contacto co mar as aristas que se sinalan ferintes en moitos aspectos da vida campesiña.

E, denantes de dar fin a estas notas, quero faguer constar públicamente a miña gratitude ao meu amigo Manoel Castelo, patrón da dorna JOSEFA que amablemente me facilitou todos cantos datos precisei pra iste meu traballo.

Porto do Son, mes de San Xoan do 1933.

M I T T E L E U R O P A

(Proseguimento de Da Alemaña)

por VICENTE RISCO

I PRAGA

PEQUENO PARQUE

Erguinme tarde. Non andaba ben da cabeza nen do estómago. Non tiña gana de nada. Mais como había que traballar, sain. Tiña que ir ao Museu folklórico.

Collín pol-a Safarikova, cara o Norte, seguín a Delehradská ulice, a Anglicka trida, Zitná ulice, vin o edifizo gótico de Zemsky trest soud, un tribunal de justiza, despois pol-a Spalena ulice e a Narodri trida, e pasei o río pol o Nost legii, ponte da legión, e atopeime no barrio chamado Nalá Strana.

O río ten alí tres fermosas illas con grandes muros, peiraos, edifizos, moimentos, arbres e paseios. Eu collín pol-a Zborouská trida e logo pol-a Petrinská, meténdome no barrio chamado Smichov. Fun pol-a Holeckova trida, que é unha estrada con casas pol-a esquerda e o muro d'un parque pol a dereita. No parque está o Museu Etnográfico, mais tardei en atopal-a entrada do parque, que caía mais atrás d'onde eu a precuraba, e tiven que desandar un bó treito. Co ilo, fóiseme algún tempo.

Entrei e din unha volta por todo o Museu. D'alí a pouco iban pechar, e abrirían de novo âs tres da tarde. Inda me detiven un pedazo, ata que me chamaron pra pechar.

Surtín entón, e senteime un pedazo no parque. Un parque estilo Berlín, con cadros de ferraya, grandes arbres de mesto follax, e carreiros ondulantes, conservando a pendente natural do tarreo. Ouservei algús tipos; había donas con nenos que falaban alemán, e elas faguían labor de ganchillo. Ond'un banco, un alemán baixo e gordo, case esférico, com'un queixo de bola con pés, co-a pelexa estirada de tanta grasa, que semellaba qu'iba toupar, estáballe ditando unha carta, c'unha autoridade imensa, a un judeu pequeno, feble e astroso, que o escoitaba atento, ollando pra il com'un rato asustado, e esgarabellaba despois a toda presa no papel. Pasou un señor vello con bigote e barba, gran colo almidoado, monócle, chaquet, o chapeu pendurado no peito c'un ferriño d'ises que os alemás prenden n-unha botoeira do chaleque precisamente pra ise uso, pra que lle sirva de torno pra pendurar o chapeu, andar solene ou doente, todo feito unha ruiña, corpo e vestido, un vencido da vida. Todos semellan alemás. O parque lembra pol-a umbrosidade, pol-a gente, pol-a luz d'esta hora a Ferradura de Santiago.

Erguínme e fun precurar un restaurant. Atopei un na trida Siefarikova, mais ben ruín, con mesas de mármore e rapazas feas sentadas a elas, que falaban alemán. Os mozos e mais o dono falaban checo, e tamén alemán. Decátome de que a situación real dos idiomas, en Praga, ven ser a mesma que sería nas vilas galegas s'o galego fora a lingoa oficial.

Rematei de jantar, inda faltaba tempo pra as tres, e funme pol-as ruas adiante.

NA BEIRA DO ULTAVA

O barrio é un pouco morto, mais craro, limpo e moderno. Hai catro longas ruas de N. a S. cortadas por unha chea de travesas;

no meio, hai lindas prazas, e a edificación sole ser toda fermosa. Non embargante, d'aquelo quedoume moi pouco na lembranza, iso que tiven istantes bós, d'ises en qu'un deixa d'estar prendido pol-as cousas d'afora, e pode soñar. Cecais pol-o mesmo, o que mais me gustou foi andar pol-a beira do río.

O Ultava, qu'os alemás chaman Moldou, ten alí moita largura. Ond'a Ponte da Legión, son fermosas as tres illas en figura de barco: a illa de Strelecky, a illa dos Judeus e a illa dos Slavos. Hai barcas de madeira, arestora varadas e valeiras, d'un feitío moi semellante ao das illas, e non pode un determiñar quen arremedou a quen.

Da outra banda, pol-a beira dereita do río, vese moito movemento de gente e de coches de toda caste. A d'eiquí está queda e tranquía.

Un pouco mais enriba, hai un muro que domiña a corrente, e abaixo hai arbres e jardín. Asomado alí, sentado no bancal de pedra, ollando pra a corrente azul, pr'as casas da outra banda, cheas de sol, por antre as que franqueábanse mouras e sombrizas as súas travesas, víñanme duas tentacións difrentes: deixar vagariñal-o espríto por onde fose, ou apañar lembranzas pra o día de mañá. As duas cousas eran boas, a primeira menos traballosa, mais ao que eu viñera era â segunda. Pra matinar pra contra min, terá, se cadra, despois toda a vida; pra encherme do engado de Praga, seguramente non terei mais qu'esta ocasión.

Obedecín. Abrín a mappe e tirei papel e lápiz. Tiña de frente unha torre antiga con cúpula ceboleira de bronze verde. A vida desfiaba pol-a ribeira oposta. Un edifizo estilo moderno ao pé da torre. No longe, erguéndose por riba das casas, por antr'un mesto e verde arboredo, as agullas d'unha eireja ojival. Agora poderei lembrar aquelo d'uns apuntes collidos por min.

MUSEU ETNOGRÁFICO

Mais já son as tres. Volvo pra o Museu. Alí estiven deica que pecharon.

A guía do Museu—que coma de cote fixen unha pra a miña usanza particular—non é d'iste sitio. Mais compre así e todo que diga algo d'il.

A gran riqueza d'iste Museu—que en conjunto deixoume algo frío—é en vestidos populares, bordados dos caraiterístecos da Europa Oriental, slava ou slavizada, de moitas coores en deseño miudo sobre branco, e mobles pintados: almarios e leitos principalmente. Non sabería eu dicir a impresión que me fan os bordados: cousa exótica

OS HOMES, OS FEITOS, AS VERBAS

POESIAS DE GIL VICENTE, publicadas por Dámaso Alonso. Cruz y Raya. Madrid.—1934.

Cando escribe Gil Vicente, o portugués e o galego non estaban moi diferenciados. O léisico apenas variaba de unha a outra língua, e únicamente a fonética escomenzaba a afastar a fala de Martín Codax da fala de don Denis. Por elo, a obra dos escritores portugueses do século XV ten pra nós grande intrés filosófico, encol de todo porque o galego literario non existía xa. Gil Vicente, nado no 1470, é considerado como o fundador do teatro portugués. Poeta bilinüe, como tantos outros da época, ten un lugar honroso na historia da literatura castelán. Sen depreciar a súa labor dramática, téndese hoxe a valoralo como un estraordinario lírico. Dámaso Alonso dános as súas poesías castelás, escolmadas dos seus autos e comedias. Trinta pezas, algunhas delas maravillosas de gracia. Non é posible asegurar que todas sexan orixinás: ben pode habelas populares e moi coñecidas n-aquil tempo, como consta de outras, n-ista colleita ausentes. Moitas seguindo a liña dos Cancioneiros medievás, son paralelísticas. Todo o libro, un fremoso xardín de auténtica poesía.

Aos galegos importaríanos dispor de unha colleita dos versos líricos portugueses de Gil Vicente, figura literaria das máis intresantes do Renacimento hispano inicial, aínda carregado de zumes devanceiros.

R. C. C.

BROTEIRA, Lisboa
Março 1934.

SUMARIO: Pío Papa XI, «Acção Católica». A. Rocha, «Os partidarios da Escola Unica». J. da Costa Lima, Recção Estética». Serafim Leite, «Um Centenario célebre (1534-1934: 19 de Março)». Luis Gonzaga de Azevedo, «Restabelecimento das ralações entre Portugal e Castela». Mario Cardoso, «A pedra Formosa da citania de Briteiros e a sua interpretação arqueológica». «Os Algemados». Comingos Mauricio, «Actualidades Vicentina». «Revista de Revistas». «Bibliografía. «Obras recebidas».

TRABALHOS DA SOCIEDADA PORTUGUESA DE ANTROPOLOGIA E ETNOLOGIA.

SUMARIO: J. A. dos Santos Júnior, «As pinturas pre-históricas do Cachão da Rapa». Luis de Pina, «O índice esquelético nas crianças portuguesas». Alhayde, «Estudos sobre a pigmentação e a sua hereditariedade». «Varia»; c'unha lembranza do noso ilustre Prof. Aleixandre Rodrigues Cadarso: nota biográfica e honrosa da sua obra, por Hernani Monteiro. «Revista Bibliográfica». Algúns d'istes estudos han levar nota aparte.

Fevereiro 1934

SUMARIO: «Registro filológico do *Crisfal*», Dr. Sousa da Silveira. «Fortunato de Almeida», P. Domingos Mauricio, S. J. «Uma carta», Dr. Alfonso López Vieira. «Subsidios para o estudo da analogía em português», Dr. R. de Sá Nogueira. «Com a Academia», Carlos de Laet. Soneto: «Diante da morte», Desembarg, José de Mesquita. «O bispo de Olinda perante a historia», Antonio Manuel dos Reis. «Notulasá, Dr. Agostinho de Campos. «Bibliographia».

BOLETIN DEL SEMINARIO DE ESTUDIOS DE ARTE Y ARQUEOLOGÍA, (Facultad de Historia.-Valladolid) fascículo IV·

CONTÉN: Plan de trabajos del Seminario para el presente curso. Viaje de estudios a Grecia. Antonio Tovar: Calendario del Crucero del Mediterráneo. Verano de 1933. J. P. Villanueva: La Universidad internacional de Verano en Santander. Cuadernos de trabajos: J. P. Villanueva, «Una escultura de Berruguete: el Ecce Homo del retablo de la Mejorada, en Olmedo». J. Supiot, «Hebillas de cinturón visigodas». Rafael Santos, «Marceliano Santa Maria». Felipe Ruíz, «El castillo de Montealegre de Campos». Etnografía y Folklore: Jesús G. Marañón, «La gloria y la trébede». José M. Criado del Rey, «Las fiestas de la Virgen de Fuentes y San Martín, en Villalón». Varia: Necrología, estaciones y hallazgos. Copiosa bibliografía.

ULENSPIEGEL, órgano de la Asociación Belgo-íbero-americana,
Marzo 1934.

SUMARIO: *Albert I de Bélgica*. A. S., *El Quichote en América. Vlaamsche vertaling*. Lucien-Paul Thomas, *D. Quichotte*. Fco. de Casasnovas, *Contemporains portugàis de Cervantes*. Antonio José Restrepo, *Cervantes y Santa Fé de Bogotá*. Maurits Sabbe, *Cervantes «Werken iu Vlaandren» Versión Española*. Eugeen de Boch, *Vlaamsche vertaling van Grisóstomo en Marcela door Cervantes*. Alfonso Reyes. *El espíritu iberoamericano en Ginebra*. Luis López de Mesa, *Evolución constitucional de Colombia. La Fundación del premio Ulenspiegel. A Instituiçâo do Premio Ulenspiegel*. Gregorio Reynolds, Fco. Castello Nájera, *No morirás, mortal; Cantos del pueblo*. Josee Humblet, *La vida intelectual en Bélgica*. Kurucho, *tomando apuntes*. Paul de Cenleneer, *Visión de Puebla*. De Praat, *Bolivar*. Louis Michiels, *La Mnión Aduanera Belgo-Luxemburguesa. Colaboradores, libros, etc.*

CONTRA EL VALENCIANISME. Discurs de ingrés al Centro de Cultura Valenciana per Francesc Alcayde i Vilar, Valencia, 1934.

NOTABRE discurso no que se fai unha brilante defensa da cultura e da língua valenciana. O A. vaise facendo cárrego un por un, e refutando d'un geito que non ten volta, os argumentos que poden opor contra das culturas particulares dos pobos, contra dos centros criados pra erguelas e espallalas, contra da obriga que ten de pagalos o Estado que goberna o país, contra das língoas das pequenas nacionalidades. Coma ises argumentos son en Valencia exactamente os mesmos que eiquí, pois o centralismo, o imperialismo, o universalismo, etc, carecen por esencia d'origina idade, resulta ben útile pra os galegos a leitura d'iste discurso, pra que se convenzan de duas cousas: a probeza dos argumentos e da inventiva dos nemigos das linguas non oficiás, e máis a lógica forte e fonda dos seus defensores.

Sigue a resposta do Direitor do Centro Don Salvador Carreres Zacares, abondando nas mesmas ideias, resumida, mais moi nidiamente.

PORTVCALE, Porto, novembro-dezembro 1933.

SUMARIO: «O sentimento da Independência nacional nos primeiros anos da dominação espanhola», Guido Battelli. «Ruinas», versos, Alice. «San Miguel do Castelo», Guimarães», quadro, Abel Cardoso. «Das Murtas para as Prêsas», Ferreira Soares. «João Batista Ribeiro, miniaturista», Pedro Vitorino. «Da preposiçao *sem* junta ao gerundio no português arcaico», Antonio Cerqueira. «Varia», «Bibliografía», «Novidades», «Res et Verba.

PORTUCALE, Maio Junho 1934.

SUMARIO: *Uma linda Cantiga do seculo XIII*, J. J. Nunes. *Velhas mentiras*, Abilio de Mesquita. *Carta*, David Lopes. *Conduzindo o rebanho*, quadro de Silva Porto. «*A Largueza do Reino de Deus*» e «*De que espírito somos*» *por J. Alves Correia*, Severo Portela. *Inéditos e autógrafos. Idealismo e misticismo*, Emânuel Ribeiro. *Ainda a batalha de Ourique*, Vitoriano José César. *Varia. Bibliografía. Novidades. Indices de Livros. Leilões de Libros. Res et Verba.*

SUDETENDETSCHE ZEITSCHRIFT FÚR VOLKSKUNDE, Prag. 4. Heft 1933.

EEmil Lehmann, «Zur Volkssage im Schönhengstgau». Dr. Josef Morr, «Das Regenwunder». Adolf Horner, «Zur Soldatensprache». Wenzel Stiasny, «Eine Bauerhochzeit im Taus-Further Passgebiet». Josef Kern, «Gleitstein und Kinderstein». Ignaz Göth, «Weinhüterzeichen in Südmähren». Doctor Ernst Hoyer, «Die Katholische Liturgie und die Volkskunde». Alfred Karasek Langer, «Der eingemauerte Bursch». «Kleine Mitteilungen». «Atlas der deutschen Volkskunde.

SUDETENDEUTSCHE ZEITSCHRIFT FÜR VOLKSKUNDE, Prag. 1934, 2 - 3 Heft.

SUMARIO: Dr. Ernst Führlich, *Familiennamen tschechischer Herkunft bei den Deutschen in den Sudetenländern*. Hans R. Kreibfch, *Dr. Hier, Anton Jarisch und seine Mitarbeiter an den «Heimatsklängen»*. Dr. Franz Peschel, *Das «Faschingsrecht» und das deutsche Richterspiel*. Robert Jocobi, *Aus der deutschen Sprachinsel Königsfeld in Karpathenrussland*. Otto F, Babler, *Verkehrt beschlagene Pferde*. Dr. Richard Zimprich, *Erziehungslehren (Pädagogischer Aberglaubes*. Dr. Eugen Bemberg, *Die Heilige Kümmernis*. Richard Zeisel, *Ein Holzquirl bricht Zauberkraft. John Meier, Zun 70 Geburtstage*. Johann Dolezal, *Dr. Pangerl zum 100 Geburtstage. Antón Kleine Mitteilungen, u. s. w.*

O INSTITUTO, Coimbra
Vol. 86-4.ª série-vol. 15-n. 5.

SUMARIO: «O soneto inmortal de Arvers e as versões vernáculas», Ricardo Jorge. «Depois de Eça de Queiroz», Fidelino de Figueiredo. «O estado democrático e o pragmatismo», Caetano Gonçalves. «Cartas históricas», Joao Jardim de Vilhena. «S. Francisco de Xavier e o Oriente portugués», Antonio de Matos Cid. «Uma carta inédita de José Agostinho de Macedo», Fernando Campos. «Tres ensaios sôbre Antero de Quental—Anexos», Rui Galvão de Carvalho. «Tratamento médico da úlcera gastro duodenal». «A Pepsinoterapia», Mario Simões Trincão. «A mutualidade em Portugal», Domingo da Cruz. «Livros recibidos».

Vol. 87-4.ª serie-vol. 16-n.º 1.

SUMARIO: «Augusto Mendes Simões de Castro», Dr. Antonio de Vasconcelos. «A tese da Infanta nas líricas de Camões». V. «Reparos á *Brotéria*, Dr. José María Rodrígues. «A mutualidade em Portugal», Domingo da Cruz. «As três conferéncias africanas», *** «S. Francisco de Xavier e o Oriente português», Antonio de Matos Cid. «A these da Infanta nas líricas de Camões», Alfredo Pimenta.

LOGOS, boletin católico mensual
n.º 36, Pontevedra, nadal 1933.

SUMARIO: «Natalis invicti», D. E. Flicoteaux. «Primadeira litúrxica», C. X. E. Crespo (O. de M.) «Estampas Compostelanas», Xesús Carro. «Biografía de D. Mauricio Troncoso e Sotomayor, Abade de Vilar de Crecente e do Couto», A. Vázquez.

LOGOS, boletín católico mensual, Pontevedra, ns. 39-41, marzal-maio, 1934.

ISTE número adicado â lembranza do gran Arzebispo galego Don Manuel Lago González, trai o seguinte sumario:

Lembranza de Lago González (a vida, a homaxe de Galiza, o maxisterio do Dr. Lago) por Filgueira Valverde. *Bibliografía* (obras, poesías pubricadas, catálogo). *Escolma da poesía galega do Arcebispo Lago.*

LA NOSTRA TERRA,
Mallorca, Març, 1934.

SUMARIO: «L'atur forçós del turisme». «Sobre la significació jurídico-política del Renacimiento», A. I. Alomar. «Mirade», M. Angel Colomar. «L'infinit» (trad. de Leopardi) Miguel Forteza. «La salinitat de l'aigua de la mar», M. Massuti i Alzamora. «Fulls d' album», Tomás Roig i Llop. «De l'ambiend cientific», Josep Sureda i Blanes. «A un ametller florit dins un hort claustral», Manuel Andreu Fontirroig. «Els llibres». «Reculls de fora». «Noticiari».

Abril 1934.

SUMARIO: *L'exposició del llibre mallorquí. Eros, bon minyó*, Bartomeu Forteza. *Una festa del segle XV a Mallorca,* Joan Montaner. *Ritmes*, A. Esclassans. *De l'ambient cientific,* Josep Sureda i Blanes. *Sonet fácil*, B. Roselló i Porcel. *Els estudis de Miss Bate sobre els vertebrats fóssils del quaternari de Mallorca*, G. Colom i Casasnovas. *Associacèó per la Cultura de Mallorca. Reculls de fora. Noticiari.*

Maig, 1934.

SUMARIO: *Els festivals Chopin. Si jo sabía*, Felix. *Maragall i les festes*, Joan Estelrich. *Terra pairal*, Guillem Colom. *Desviacións en els conceptes de llengua i de patrie. Associacèó per la Cultura de Mallorca. Els llibres. Reculls de fora. Noticiari.*

Juny 1934.

SUMARIO: *Les carreteres de les Balears i la seva Administració autonómica. La Geografía humana de Mallorca*, Elvir Sans. *En ta boca el desti*, Octavi Saltor. *Lletres llatines*, Antoni Pons, trad. *L'ánima i l'infant*, Guillem Colom, trad. *Papers vells*, Joan Pons i Marqués. *Carta aberta dels mallorquins al senyor Pompeu Fabra. Els llibres. Las Arts. Reculls de fora. Noticiari.*

BOLETIN DE LA ACADEMIA GALLEGA, n.º 251, Cruña,
noviembre 1933.

SUMARIO: «Notas arqueológicas. Dos lápidas romanas», por Angel del Castillo. «Santuarios galicianos. Las Ermitas», por Heliodoro Gallego Armesto. «Puentedeume y su comarca», por Antonio Couceiro Freijomil. «El convento de la Anunciación de Bayona», por Fr. Aureliano Pardo. Colección de documentos históricos.

BOLETIN DE LA ACADEMIA GALLEGA, Coruña,
1.º Abril 1934.

SUMARIO: *Manuel Amor Meilán*, por José M.ª Montenegro. *Alejandro Rodríguez Cadarso*, por Ciriaco Pérez Bustamante. *Curiosa escultura románica*, por Manuel Vazquez Seijas. *El Convento de la Anunciación de Bayona*, por Fr. Aureliano Pardo. *Sección oficial. Colección de Documentos.*

ANALES DEL CENTRO DE CULTURA VALENCIANA, Octubre-Diciembre c933.

SUMARIO: Barón de San Petrillo, «La heráldica en Jávea». José Sanchís Sivera, «Vida íntima de los valencianos en la época foral». Luis Pardo, Adición a *Los Minerales de España* de especies y localidades valencianas». S. Carreres Zacarés, «Els casilicis del pont dels Serrans». Continuación de «Historia de Ayora e Historia de Siete Aguas».

ANALES DEL CENTRO DE CULTURA VALENCIANA, Enero,
Junio, 1934.

SUMARIO: *Junta de Gobierno. Señores Directores de número. Directores de número electos.* José M.ª Pérez, *Escritores de letra formada e iluminadores en la catedral de Segorbe.* Vicente Pelufo, *Topografía de Alcira árabe.* Rafael Pardo Ballester, *Una necrópolis interessant a Beniatjar.* Barón de San Petrillo, *La heráldica en Jávea.* José Sanchís Sivera, *Vida íntima de los valencianos en la época foral.* Luis Gallego Romero, *Las monedas acuñadas en el Cantón de Cartagena.* F. Carreres de Calatayud, *Els casilicis del pont de la Mar. Miscel·lania. Historia de Ayora. Historia de Siete-Aguas.*

REVISTA DE CULTURA, Rio de Janeiro,
Janeiro 1934.

SUMARIO: «A missâo social da educadora». Dr Leonardo van Acker. «Perspectivas etymologicas», Dr. Said Alí. «A these da Infanta nas lyricas de Camôes», Dr. José Maria Rodrigues. «O bispo de Olinda perante a historia», Antonio Manuel dos Reis, Egloga «Cristal», Christovâo Falcâo, Dr. Sousa da Silveira. «Notulas», Dr. Agostinho de Campos. «Bibliographia».

Imprenta NÓS, Rúa do Vilar 15, Santiago.

Os pobos somentes son grandes pol-a cultura.

Mercade Libros Galegos.

MERQUE VOSTEDE
Plumeiros RAFIUM
DE MÁIS DURA QU'OS DE PLUMA E LIMPAN MILLOR.
VÉNDENSE EN TODOL-OS ESTABRECIMENTOS DO RAMO.
ANDRÉS PERILLE --- OURENSE

Sanatorio Quirúrxico de San Lorenzo

Santiago de Galicia

Dos Profesores

D. Fernando Alsina e **D. Antonio M. de la Riva**

CIRUXANO XINECÓLOGO

FOTOGRABADO

Si quer qu-os seus fotograbados sexan o mais perfeito posibres, convenlle envialos aos
Talleres de fotograbado ESPASA-CALPE S. A.
Ríos Rosas, 24-Apartado, 547 MADRID

19/5

A sua biblioteca non será unha biblioteca galega, mentras non adequira as obras editadas por

NÓS PUBRICACIÓNS GALEGAS E IMPRENTA
SANTIAGO